

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
IES MIRAFLORES- OLEIROS
CURSO 2022-2023

Oleiros, 11 de outubro de 2022

ÍNDICE.

1.- INTRODUCCIÓN.	2
2.- OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022-2023.	5
3.- CALENDARIO E HORARIO XERAL DO CENTRO.	12
4.- PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES.	14
5.- PERIODOS DE AVALIACIÓN, CALENDARIO DE ENTREGA CUALIFICACIÓN POR PARTE DO PROFESORADO E REUNIÓNS DAS XUNTAS DE AVALIACIÓN CURSO 2021-2022.	15
6.- PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.	18
7.- CONVENIOS E ACORDOS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.	25
8.- PLAN DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.	26
9.- PROGRAMAS E PROXECTOS.	27
10.- PLAN ANUAL DE LECTURA DENTRO DO PLAN LECTOR DO CENTRO.	31
11.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.	32
12.- GRUPOS DE TRABALLO.	33
13.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA.	34
14.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.	35
15.- FORMACIÓN DO PROFESORADO.	37
16.- ANEXOS.	38
ANEXO1.- PLAN ANUAL DE LECTURA.	
ANEXO 2.- PROXECTO LECTOR DO CENTRO.	
ANEXO 3.- PROXECTO FOMENTO DO USO DO GALEGO.	
ANEXO 4.- PROGRAMACIÓN DA BIBLIOTECA.	

1.- INTRODUCCIÓN.

Tras varios cursos académicos afectados pola situación sanitaria (2019-2020 declaración do estado de alarma e ensino a distancia, 2020-2021 e 2021-2022 coa aplicación de protocolos sanitarios que limitaban a actividade docente normal, no 2022-2023 vólvese normalidade coas recomendacións das Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo.

O Centro está dirixido e xestionado polos seguintes membros:

- Óscar Iglesias Fernández: Director.
- José Luis Domínguez Salgueiro: Vicedirector.
- Ana María García Freire: Xefa de Estudos.
- Beatriz Mantiñán Pérez: Secretaria.

Os grandes retos que se abordan no proxecto plurianual son:

- Mantemento da seguridade sanitaria da comunidade educativa.
- Mellora do rendemento académico do alumnado.
- Atención axeitada á diversidade do alumnado.
- Mellora da convivencia no Centro.
- Promoción da dixitalización do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomento da aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- Coidado do benestar físico e emocional do alumnado.

1.1.- ALUMNADO.

Respecto ao curso anterior reflíctese un incremento do alumnado. Neste curso temos matriculados 567 alumnos/as, 7 máis en comparación co curso anterior. Este dato é debido á habilitación temporal, un ano máis, dunha nova unidade en 1º da ESO.

GRUPOS.

O IES MIRAFLORES acolle no presente curso os seguintes grupos:

NIVEL	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
1º ESO	86	84	86	111	110	108
2º ESO	86	83	87	82	110	117
3º ESO	89	84	83	89	85	109
4º ESO	61	77	74	89	85	79
1º BACH	71	70	94	84	90	69
2º BACH	84	80	61	78	80	85
TOTAL	477	478	485	533	560	567

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.

Atendendo ás características do alumnado e ás posibilidades organizativas do centro (horas dispoñibles do profesorado por departamentos, aulas dispoñibles no centro, necesidades de titores/as de grupo...)

1º ESO.-

- Atendendo aos informes dos Centros de primaria e ás indicacións do Departamento de Orientación:
 - Agrupamento do alumnado que mellore a convivencia e o rendemento académico.
 - Alumnado con Necesidades Educativas Especiais repartidos entre os grupos.
- Grupos coa mesma nota media no curso anterior, 6º EP.
- Alumnado que debe ter apoio e/ou saír á aula de pedagogía terapéutica.
- Alumnado repetidor repartido entre os grupos.
- Grupos homoxéneos no número de nenas e nenos.
- Centro de procedencia (45% Rabadeira / 40% Juana de Vega / 10% outros centros / 5% repetidores/as).

2º ESO.-

- Atendendo aos informes do Departamento de Orientación e ás indicacións da Dirección do Centro:
 - Agrupamento do alumnado que mellore a convivencia e o rendemento académico.
 - Alumnado con Necesidades Educativas Especiais repartidos entre os grupos.
- Alumnado repetidor repartido entre os grupos.
- Grupos homoxéneos no número de nenas e nenos.

ALUMNADO	NIVEL	A	B	C	D
108	1º ESO	27	27	27	27
117	2º ESO	29	29	30	29
109	3º ESO	29	27	28	25
79	4º ESO	25	27	23+4	
69	1º BACH	24+3	22	20	
85	2º BACH	31	28	26	



1.2.- PROFESORADO.

No que se refire ao profesorado, este curso o Centro conta con:

- 49 profesores/as.
- 1 orientadora.
- 2 profesoras de pedagogía terapéutica.

1.3.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

No referente ao persoal de administración e servizos cóntase con:

- 2 conserxes.
- 1 subalterno.
- 3 limpadoras (unha delas a media xornada).
- 1 cuidadora.

1.4.- PROTOCOLO COVID.

Conforme ás Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo, durante o curso 2022-2023 non haberá un protocolo específico. Non obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións:

- Ventilación de espazos. Realizaranse tarefas de ventilación cruzada frecuente nas instalacións.
- Hixiene de mans e hixiene respiratoria. Promoverase o lavado de mans regular. De igual xeito deberase gardar unha axeitada hixiene respiratoria ao tusir ou esberrar.
- Uso de máscara. A máscara utilizarase no transporte escolar de acordo ao previsto para o transporte con carácter xeral.
- Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19. Con carácter xeral, se unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19 non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter una hixiene de mans e respiratoria axeitada.

Este conxunto de recomendacións son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.



2.- OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022-2023.

Á hora de establecer os obxectivos de cara ao curso escolar, debemos referirnos previamente a algún dos obxectivos xerais e ás liñas de actuación do noso proxecto de dirección, graduados en curto, medio e longo prazo.

OBXECTIVOS.

1. Establecer unha planificación anual organizativa e pedagóxica que facilite o seguimento e logro de obxectivos.
2. Analizar e optimizar a redacción dos principais documentos programáticos adaptándoos ás necesidades reais do Centro. Entre outros: actualización da Concreción curricular do centro.
3. Implantar procedementos de traballo para cada un dos servizos que se prestan.
4. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docente e impulsar a participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa.
5. Xestionar os recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.
6. Cumprir o orzamento anual do Centro garantindo o seu funcionamento ordinario e permitindo subvencionar actividades extraescolares e acometer pequenos investimentos.
7. Garantir o correcto mantemento dos espazos existentes e acondicionar outros novos para mellorar a calidade de ensino.
8. Incrementar a dotación TIC do Centro (equipos informáticos, canóns e pizarras dixitais, software...).
9. Impulsar a realización de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do Centro.
10. Acadar co alumnado, dentro das súas posibilidades e atendendo ás características individuais, o máximo desenvolvemento das competencias.
11. Favorecer a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidade específica de apoio educativo, creando contornas físicas e académicas adecuadas ás súas necesidades. Elaborar un plan de atención ao alumnado con altas capacidades e promover a realización de actividades de excelencia educativa.
12. Promover a igualdade entre mulleres e homes, loitando contra toda forma de discriminación por razón de sexo, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.
13. Fomentar entre o alumnado, profesorado e outros membros da Comunidade Escolar a utilización das novas tecnoloxías con accións e actuacións encadradas dentro do Plan de Dinamización das TICs.

14. Levar a cabo o Proxecto Lingüístico do Centro en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
15. Potenciar a aprendizaxe das linguas estranxeiras e a organización de viaxes ao estranxeiro.
16. Organizar e coordinar actividades extraescolares que favorezan a apertura do Centro conectando este coa súa contorna e garantindo o normal desenvolvemento das programacións didácticas.
17. Mellorar o nivel de satisfacción da comunidade educativa co funcionamento do Centro.

LIÑAS DE ACTUACIÓN.

LIÑA 1.- RECURSOS MATERIAIS.				
1.- EDIFICIO, INSTALACIÓNS E MOBILIARIO.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
5,7	Acondicionar un espazo para ofrecer atención aos pais e nais.	ED	CP	Posta en funcionamento do espazo.
2.- MATERIAIS DIDÁCTICOS.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
6, 8, 13	Incrementar o número de equipamentos TIC e as súas prestacións.	ED CTIC	CP	Posta en funcionamento dos equipos.
6, 8	Instalar un proxector no corredor principal para a difusión de información de interese do centro.			
3.- RECURSOS ECONÓMICOS.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
6	Realizar o seguimento trimestral do orzamento anual, analizando as posibles desviacións e tomando as decisións necesarias para o seu cumprimento.	ED CEC	CP	Emisión dun informe.
6	Buscar provedores que melloren a oferta de servizos ou materiais, ou reduzan os custos.		CP	Solicitud e rexistro de presupostos a provedores.
4, 6	Aplicar criterios de transparencia na xestión económica do centro.		CP	Presentación do seguimento ao Claustro e Consello Escolar.

LIÑA 2.- XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS.				
1.- PROFESORADO.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
1, 4, 5	Establecer un ambiente de cordialidade, diálogo, confianza e colaboración entre o profesorado e o equipo directivo.	ED CLA	M/LP	Enquisa de satisfacción.
1, 4, 9	Fomentar e coordinar a participación do profesorado nos proxectos de formación en centros, nas distintas modalidades (PFPP, GT, seminarios).	ED	CP	Número de profesores que realizan formación. Enquisa de satisfacción.



13	Formar ao profesorado en competencias TIC do profesorado.	ED CTIC	CP	Número de profesores que realizan formación. Enquisa de valoración.
9, 13	Fomentar a participación activa do profesorado nos grupos de dinamización (TIC, biblioteca, convivencia...) e na vida do centro	ED EDL EB CTIC	CP	Número de profesores que participan. Enquisa de satisfacción.
9, 13	Fomentar a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación, investigación e actividades de formación, promovendo o intercambio de información con outros centros.	ED CCP CLA	CP	Número de actividades desenvoltas. Enquisa de satisfacción.
10, 11, 17	Amosar dispoñibilidade para atender ao alumnado e as súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.	ED DO CLA	CP	Enquisa de satisfacción.
2.- PERSOAL NON DOCENTE.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
3, 5	Establecer protocolos de organización e seguimento do traballo do persoal non docente.	ED	CP	Aprobación e difusión do documento.
3.- ALUMNADO.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
3, 5	Deseñar e implantar un plan de acollida do alumnado que se incorpora unha vez iniciado o curso escolar.	ED DO TIT	CP	Aprobación e difusión do documento.
5	Organizar unha xornada de portas abertas para o alumnado de centros non adscritos poidan coñecer o centro e a súa oferta educativa.	ED DO	CP	Organización da actividade.
4	Potenciar o funcionamento da Xunta de Delegados.	ED	CP	Número de reunións realizadas.

LIÑA 3.- PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E ESTRATEXIA.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
5, 11	Optimizar a distribución da carga horaria dos Departamentos e o profesorado atendendo ao número de alumnos e grupos.	ED	CP	Elaboración dos horarios do curso. Enquisa de satisfacción.
4, 10, 11	Promover a realización das reunións da CCP, fomentando a coordinación do profesorado en aspectos curriculares e de atención a diversidade.	ED CCP	CP	Número de reunións realizadas. Enquisa de satisfacción.
5, 10, 11	Configurar os grupos de cada nivel educativo atendendo á información facilitada polo profesorado de cursos anteriores e en base aos datos recollidos nas avaliacións finais.	ED DO TIT	CP	Enquisa de satisfacción.
4, 12	Realizar reunións periódicas dos titores coa Xefatura de Estudos e Departamento de Orientación para facer un seguimento do alumnado e poder atallar os pequenos conflitos que poidan xurdir.	ED DO	CP	Difusión do documento.
4, 13	Promover e coordinar o traballo dos responsables de Dinamización TIC do centro.	ED CTIC	CP	Número de reunións periódicas.



13, 17	Incorporar novos contidos á páxina web, incluíndo información relevante para a comunidade educativa, incrementando o número de visitas e reducindo as consultas directas ao centro.	ED CTIC	CP	Incremento o número visitas á web. Enquisa de satisfacción.
3	Implantar un sistema eficiente de comunicación bidireccional entre os pais/nais e os titores.	ED TIT CTIC	CP	Aprobación e difusión do sistema. Enquisa de satisfacción.
5, 17	Intervir sobre os produtos ofertados na cafetería, promovendo a inclusión de produtos saudables.	ED	CP	
3, 17	Elaborar un Plan de Comunicación do centro. Deseño do logotipo do centro e manual de identidade corporativa.	ED	M/LP	Aprobación e difusión do documento.

LIÑA 4.- DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
3	Elaborar un cronograma anual das actividades do centro nos distintos ámbitos co obxectivo de poder realizalas de maneira eficaz e facer o seguimento das mesmas.	ED	CP	Aprobación e difusión do documento.
3, 5	Deseñar e implantar un sistema de procedementos de xestión da calidade non certificado.	ED CLA PND	M/LP	Aprobación e difusión do documento.
3, 5	Elaborar a planificación anual das principais tarefas do persoal non docente, definindo os seus horarios e períodos de vacacións atendendo as necesidades reais do centro.	ED PND	CP	Aprobación e difusión do documento.
2, 4	Revisar e actualizar, coa participación dos correspondentes sectores da comunidade educativa, os documentos de organización e xestión do centro.	ED CCP CE	M/LP	Aprobación e difusión do documento.
2, 4	Incluir de maneira explícita nas NOF as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas nas normas de organización e funcionamento.			

LIÑA 5.- PROCESOS DE ENSIANZA E APRENDIZAXE.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
10, 13	Fomentar a utilización das TICs entre o profesorado e o alumnado, tanto no ámbito curricular como no extra curricular, facilitando os medios correspondentes.	ED CCP CLA CTIC	M/LP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
10, 13	Potenciar a utilización de espazos virtuais (Aula virtual, Aqueiro...).	ED CCP CTIC	M/LP	Número de profesores que utilizan espazos virtuais.
10, 17	Promover, na medida do posible, un calendario coordinado de exames para cada grupo, que optimice o tempo de preparación das probas.	ED CCP	CP	Aprobación e difusión do documento.
9, 10	Promover a realización de actividades que fomenten o espírito emprendedor.	ED CCP	CP	Número de actividades realizadas.



				Enquisa de satisfacción.
9, 10	Fomentar as actitudes solidarias, de respecto polo medio ambiente e de hábitos de vida saudable a través da realización de campañas ao longo do curso.	ED CCP DO	CP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
10, 12	Fomentar a participación das alumnas en materias e actividades STEM.	ED CCP CTIC	M/LP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
14	Fomentar o emprego da lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial e non oficial, tanto internas ao centro como externas a el.	ED EDL	M/LP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
10, 17	Promover os procedementos que garantan o coñecemento completo dos procesos de ensino-aprendizaxe, tanto por parte do alumnado como das súas familias.	ED DO CLA	CP	Enquisa de satisfacción.

LIÑA 6.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ORIENTACIÓN EDUCATIVA.

Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
10, 11	Planificar, tendo en conta a dispoñibilidade de medios e profesorado, atendendo ás características particulares do alumnado as medidas de atención á diversidade (desdobres, exencións, agrupamentos, PDC...), sobre todo nos primeiros cursos de ESO.	ED CCP DO	CP	Número de desdobres. Enquisa de satisfacción do profesorado.
10, 17	Promocionar a coordinación entre o Departamento de Orientación e os titores para aconsellar ao alumnado sobre a elección de materias, itinerarios e posibilidades de futuro do alumnado.	ED DO TIT	CP	Número de reunións realizadas. Enquisa de satisfacción.
10, 11, 12	Garantir o cumprimento dos protocolos educativos de atención á diversidade.	ED CCP DO	CP	Número de programacións que recollen medidas de atención á diversidade.
10, 11	Elaborar un plan de apoio ao alumnado con altas capacidades intelectuais.	ED DO CLA	CP	Redacción e difusión do plan.

LIÑA 7.- CONVIVENCIA.

Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
12	Fomentar a erradicación de prexuízos por razón de xénero, raza, relixión... na comunidade educativa.	ED CED	CP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
4, 12	Difundir entre os membros da comunidade educativa o coñecemento preciso e pormenorizado das NOF e velar polo seu cumprimento.	ED DOR TIT	CP	Número de actividades realizadas.
12	Potenciar a formación do profesorado sobre estratexias para a mellora da convivencia (mediación, titoría entre iguais...)	ED	M/LP	Número de actividades realizadas.



10, 17	Previr e controlar o consumo de tabaco, alcohol e outras substancias prexudiciais para a saúde.	ED DOR CED	CP	Número de actividades realizadas.
3, 7	Promover a limpeza e coidado das aulas e mobiliario, dos espazos comúns e da contorna do centro.	ED CED	CP	Número de actividades realizadas.

LIÑA 8.- IGUALDADE.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
12	Fomentar a comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos.	ED DEP DO TIT CC	CP	Número de programacións e documentos de centro que incorporan ditas contribucións.
12	Fomentar o enriquecemento das programacións didácticas coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres.	ED DEP	CP	Número de programacións e documentos de centro que incorporan ditas contribucións.
10, 12	Fomentar as vocacións femininas ou masculinas nas áreas nas que se atopan infrarrepresentadas.	ED DEP TIT	CP	Número de actividades realizadas.
12	Aplicar medidas correctoras ante situacións de desigualdade sustentada en crenzas, prexuízos, tradicións, prácticas consuetudinarias transmisoras dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou de imaxe de dominación dun sexo.	ED	CP	Número de medidas correctoras aplicadas. Número de programas e colaboracións desenvolvidas.
12, 16	Desenvolver programas de igualdade entre homes e mulleres en colaboración con outras institucións.	ED DO	CP	Número de actividades realizadas.

LIÑA 9.- RENDEMENTO ACADÉMICO.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
10, 15	Apoiar a organización de actividades no estranxeiro, principalmente intercambios, viaxes culturais e de fin de estudos.	ED	CP	Número de actividades realizadas.
10, 11	Atender á diversidade promovendo a realización de actividades de excelencia educativa.	ED CCP	CP	Número de actividades realizadas.
10, 11	Fomentar a solicitude do STEM Bach.	ED	M/LP	Realización da solicitude.
11, 13, 16	Fomentar a participación en actividades complementarias relacionadas coas materias, tipo certames, concursos, convocatorias oficiais...	ED CLA	CP	Número de actividades realizadas.
11, 16	Fomentar a oferta de actividades desde a ANPA para complementar as actividades escolares: Clases de xadrez, técnicas de estudo, robótica...	ED CE	CP	Número de actividades realizadas.



LIÑA 10.- LIDERADO EDUCATIVO.				
Obx.	Actuacións	Resp.	Prazo	Indicadores
3, 17	Establecer as canles legalmente recoñecidas como vía de comunicación entre os pais/nais e a dirección do centro.	ED CE	CP	Enquisa de satisfacción.
3, 4, 17	Fomentar un clima de cooperación establecendo mecanismos que permitan a participación e integración dos distintos colectivos na toma de decisións.	ED	CP	Número de reunións realizadas. Enquisa de satisfacción.
3, 17	Manter de xeito fluído a comunicación coa inspección educativa, achegando toda a documentación solicitada en prazo e en forma e atendendo ás demandas do centro.	ED	CP	Número de reunións realizadas. Enquisa de satisfacción.
16, 17	Favorecer a presenza de entidades e organizacións da contorna que poidan mellorar a calidade educativa dos alumnos, ben sexan representantes do mundo laboral, de entidades sociais...	ED	M/LP	Número de actividades realizadas.
10, 11	Fomentar a relación cos centros de secundaria do termo municipal e cos centros de primaria adscritos.	ED	CP	Número de actividades realizadas. Enquisa de satisfacción.
10, 17	Afrontar os distintos conflitos que xorden no centro, tanto a nivel de condutas contrarias ás normas de convivencia como de circunstancias excepcionais que se producen no normal desenvolvemento da actividade do centro.	ED	CP	Enquisa de satisfacción.

RESPONSABLES.

ED: Equipo directivo.	CLA: Claustro.
CC: Comisión de Convivencia.	CE: Consello Escolar.
DO: Departamento de Orientación.	CEC: Comisión Económica.
EDL: Equipo Dinamización Lingüística.	CCP: Comisión Coordinación Pedagóxica
EB: Equipo Biblioteca.	DEP: Departamentos.
ALU: Alumnado.	PND: Persoal Non Docente.
TIT: Titores.	CTIC: Coordinación Tecnoloxías da Información e Comunicación.
CED: Comunidade Educativa.	

PRAZOS.

CP: Curto prazo.	LP: Longo prazo.
------------------	------------------

Curto prazo, actuacións que creemos alcanzables nun horizonte de un ou dous anos académicos, e medio-longo prazo, das que a os resultados só poden ser avaliados completamente no período dos catro anos.



3.- CALENDARIO E HORARIO XERAL DO CENTRO.

3.1.- CALENDARIO ESCOLAR.

Conforme á Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACTIVIDADES LECTIVAS.

As actividades lectivas realizaranse do día 8 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.

AVALIACIÓNS.

ESO E 1º DE BACHARELATO.

1ª AVALIACIÓN. Ata o martes 22 de decembro de 2022.

2ª AVALIACIÓN. Ata o venres 17 de marzo de 2023.

3ª AVALIACIÓN. Ata o venres 2 de xuño de 2023.

AVALIACIÓN FINAL ESO / EXTRAORDINARIA 1º DE BACHARELATO. Ata o mércores 21 de xuño de 2023.

A actividade lectiva non rematará ata o 21 de xuño.

2º BACHARELATO.

1ª AVALIACIÓN. Ata o venres 18 de novembro de 2022.

2ª AVALIACIÓN. Ata o venres 17 de febreiro de 2023.

3ª AVALIACIÓN. Ata o venres 5 de maio de 2023. Pendente publicación datas oficiais calendario ABAU.

VACACIÓNS ESCOLARES.

Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

Entroido: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

Semana Santa: desde o día 3 ata o día 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

DÍAS NON LECTIVOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE.

Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Ademais co fin de unificar a celebración dos patróns de cada nivel educativo, establécese o Día do Ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos e que no curso 2022/2023se celebrará o 31 de outubro de 2022.

DÍAS NON LECTIVOS DE CENTRO PENDENTES DE APROBACIÓN.

Solicítouse á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, pendente de confirmación, o mércores 2 de novembro de 2022, e o luns 5 de decembro de 2022.

3.2.- HORARIO LECTIVO.

Luns a Venres de 08:30h a 14:10h.

Luns ou Martes de 16:20h a 18:00h.



3.3.- HORARIO DE DISPOÑIBILIDADE DAS INSTALACIÓNS:

Luns a Martes de 08:00h a 18:30h.

Mércores a Venres de 08:00h a 14:30h.

En horario distinto ao anterior previa petición e atendendo ás posibilidades do Centro.

3.4.- HORARIO DE VERÁN.

Durante os meses de xullo e agosto de 2023 o horario de atención ao alumnado e ás súas familias será o seguinte:

Do 1 ao 31 de xullo de 9:00 a 13:00

Do 1 ao 31 de agosto un membro do equipo directivo permanecerá localizable no teléfono móbil (652/193327) en horario de 10:00 a 13:00, e atenderá aquelas incidencias de carácter urxente que poidan ter lugar.

4.- PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES.

En cumprimento do Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, para os cursos pares (2º e 4º da ESO, e 2º de Bacharelato), e dos Decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro de 2022, para os cursos impares (1º e 3º da ESO, e 1º de Bacharelato) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os diferentes departamentos didácticos elaborarán as programacións didácticas correspondentes.

As mencionadas programacións estarán a disposición de toda a comunidade educativa depositadas na Xefatura de Estudos, en cada Departamento Didáctico, e na web do Centro (<http://www.edu.xunta.gal/Centros/iesmiraflores/>), e as mesmas gardaranse unicamente en soporte informático.

5.- PERÍODOS DE AVALIACIÓN, CALENDARIO DE ENTREGA CUALIFICACIÓN POR PARTE DO PROFESORADO E REUNIÓN DAS XUNTAS DE AVALIACIÓN CURSO 2022-2023.

- As avaliacións estarán dirixidas polos titores/as de cada grupo e nelas haberá un membro do equipo directivo.
- A duración das avaliacións axustarase, na medida do posible, ao horario establecido e comezarán cando estea o profesorado correspondente de cada grupo. O profesorado estará dez minutos antes do comezo de cada sesión que lle corresponda, se é posible, por se houberse un adiamento.
- Os boletíns de cualificacións serán entregados polos/as titores/as nas aulas de titorías.

5.1.- CALENDARIO SESIÓN DE AVALIACIÓN.

Conforme á Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

AVALIACIÓN	ESO	1º BACHARELATO	2º BACHARELATO
1ª AVALIACIÓN	1º ESO.- Luns 19/12/2022. 2º ESO.- Martes 20/12/2022. 3º ESO.- Mércores 21/12/2022. 4º ESO.- Mércores 21/12/2022. Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o xoves, 22 de decembro de 2022, ás 13:45 nas aulas dos respectivos grupos.	Luns 19/12/2022 Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o xoves, 22 de decembro de 2022, ás 13:45 nas aulas dos respectivos grupos.	Luns 21/11/2022 Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o martes, 22 de novembro de 2022, no 2º recreo (12:10) nas aulas dos respectivos grupos.
2ª AVALIACIÓN	1º ESO.- Luns 13/03/2023. 2º ESO.- Martes 14/03/2023. 3º ESO.- Mércores 15/03/2023. 4º ESO.- Xoves 16/03/2023. Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o venres, 17 de marzo de 2023, ás 13:45 nas aulas dos respectivos grupos.	Xoves 16/03/2023. Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o venres, 17 de marzo de 2023, ás 13:45 nas aulas dos respectivos grupos.	Xoves 16/02/2023 Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns o venres, 17 de febreiro de 2023, no 2º recreo (12:10) nas aulas dos respectivos grupos.
3ª AVALIACIÓN ESO	3ª AVALIACIÓN A sesión de avaliación previa á avaliación final do alumnado da educación	ORDINARIA A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro	ORDINARIA As sesións de avaliación final ordinaria do alumnado do segundo

AVALIACIÓN ORDINARIA BACHARELATO	<p>secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 5 de xuño de 2023.</p> <p>1º ESO.- Luns 05/06/2023. 2º ESO.- Martes 06/06/2023. 3º ESO.- Mércores 07/06/2023. 4º ESO.- Mércores 07/06/2023.</p> <p>Os/as titores/as entregarán os correspondentes boletíns e os informes individuais de recuperación o día seguinte á avaliación nas aulas dos respectivos grupos.</p>	<p>curso do bacharelato, deberá realizarse a partir do día 5 de xuño de 2023.</p> <p>Luns 05/06/2023.</p>	<p>curso de bacharelato adecuarase ás datas previstas para a ABAU.</p> <p>Data estimada: luns 15/05/2023.</p>
AVALIACIÓN FINAL ESO AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA BACHARELATO	<p>FINAL</p> <p>As sesións de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023</p> <p>As datas concretaranse coa aprobación do calendario de fin de curso (Abril 2023).</p>	<p>EXTRAORDINARIA</p> <p>As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023.</p> <p>As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023</p> <p>As datas concretaranse coa aprobación do calendario de fin de curso (Abril 2023).</p>	<p>EXTRAORDINARIA</p> <p>As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023.</p> <p>As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do segundo curso de bacharelato realizaranse a partir do día 22 de xuño de 2023.</p> <p>As datas concretaranse coa aprobación do calendario de fin de curso (Abril 2023).</p>
<p>O período comprendido entre o día 22 de xuño e o 30 de xuño de 2023, ambos inclusive, será dedicado polo profesorado, entre outras actividades, a elaborar as actas de avaliación, os informes individualizados, os consellos orientadores, os informes para as familias e os documentos de avaliación que correspondan, a entrega de cualificacións, a atención a reclamacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso.</p>			

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato e o primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2021.

As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado de bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao medio, a sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

5.2.- AVALIACIÓNS PENDENTES.

O alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes do primeiro curso será convocado, de ser o caso, a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU.

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu Artigo 51 a elaboración dun plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar destinado á súa recuperación e superación.

Este plan será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno/a e o departamento didáctico velará pola realización do plan por parte do/a alumno/a.



6.- PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

6.1.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS CONMEMORATIVAS ESPECIFICADAS NO CALENDARIO ESCOLAR.

Atendendo ás indicacións da ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais

e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

6.2.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROPIAS DO CENTRO.

- a. Celebración de festivais (Festival de Nadal e Festival de Fin de Curso). Poderanse organizar diferentes actividades lúdicas propostas polos departamentos nas últimas horas dos días 22 de decembro e 21 de xuño.
- b. Carreira da Luz. Carreira con fins solidarios na que a recadación obtida é destinada a unha ONG. Terá lugar no terceiro trimestre.
- c. Acto de gradación do alumnado de 2º de Bacharelato. Previsto para o terceiro trimestre.
- d. Viaxe de fin de estudos do alumnado de 4º da ESO.

Todas as actividades extraescolares e complementarias previstas estarán supeditadas á evolución da situación sanitaria e ás restricións derivadas desta.

6.3.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/EXTRAESCOLARES XESTIONADAS POLOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.

Este curso académico 2022/2023 vén marcado pola desaparición do protocolo COVID19 que facilita a organización e desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias.

FILOSOFÍA:

- Talleres de lectura durante os recreos

LATÍN:

- Non ten actividades planificadas

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:

- “Agora teatro”. 1ºESO
- Diversas actividades e obradoiros de animación á lectura. Distintos grupos e niveis

XEOGRAFÍA E HISTORIA:

- Visita ao castelo de Pambre. 2ºESO
- Visita a Santiago de Compostela. 2ºBacharelato

MATEMÁTICAS:

- Actividades dos Polos Creativos
- Olimpíada matemática. 2ºESO
- Feira matemática (participación na feira e concursos). Diversos grupos e niveis
- Ciencia na rúa. Diversos grupos e niveis
- Participación nos Polos Creativos. Diversos grupos e niveis

FÍSICA E QUÍMICA:

- Visita ao CITEEC na Universidade de A Coruña . 2ºESO e 3ºESO
- Visita Aquaciencia en Ferrol . 4ºESO
- Visita á depuradora de A Coruña. 1º de bacharelato
- Participación nas olimpíadas de Física ou Química.
- Ciencia na rúa. Diversos grupos e niveis

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:

- Actividades do STEMBach
- Roteiro Fragas do Eume. 1ºESO
- Intermareal Bastiagueiro. 1ºESO
- Disección dun corazón (laboratorio aberto da DOMUS) . 3ºESO
- Programa "conóceme" da Sociedade española de farmacia. 3º e 4ºESO
- Laboratorio aberto (Domus). 4ºESO
- Charla do CEIDA. 4ºESO
- Roteiro parque natural de Corrubedo. 4ºESO
- Visita ao lago de As Pontes. 4ºESO
- Roteiro xeolóxico guiado. 1º e 2º de bacharelato
- Roteiro monte Pindo. 1º de bacharelato
- Roteiro Piornedo e mostraxe de lepidópteros. 1º de bacharelato

DEBUXO:

- Non ten actividades planificadas.

FRANCÉS:

- Teatro en francés: "Le Chef". 16/01/23. Fórum Metropolitano. A Coruña
- Intercambio Bayonne: 25 marzo ao 1 abril (Bayonne). Del 24 al 30 de abril (Oleiros)
- Concurso de sobremesas francesas

INGLÉS:

- Non ten actividades planificadas

MÚSICA:

- Concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia (A Coruña) 2º e 3ºESO
- Festival de Nadal. Todo o centro
- Festival fin de curso. Todo o centro agás 2º de bacharelato
- Concertos na aula. Executados por músicos profesionais



EDUCACIÓN FÍSICA:

– 1º ESO.

Zumba (1). outubro

Competición de campo a través. 1º trimestre.

Esquí . 2ª semana de xaneiro

Carreira da Luz. 3º trimestre.

Día da Educación Física na rúa. 3º trimestre.

Xogos populares (1). 3º trimestre.

Ruta de sendeirismo. 3º trimestre.

Coñecemento de clubs deportivos da contorna. Todo o curso.

Fomento de alimentación saudable. Todo o curso.

– 2º ESO.

Competición de campo a través. 1º trimestre.

Esquí. 2º semana de xaneiro

Defensa persoal (1). outubro

Carreira da Luz. 3º trimestre.

Orientación no medio natural. 3º trimestre.

Coñecemento de clubs deportivos da contorna. Todo o curso.

Fomento de alimentación saudable. Todo o curso.

– 3º ESO.

Remo (1). Outubro e novembro o grupo C

Competición de campo a través. 1º trimestre.

Esquí . 2º semana de xaneiro

Carreira da Luz. 3º trimestre.

Escalada. 1º trimestre.

Coñecemento de clubs deportivos da contorna. Todo o curso.

Fomento de alimentación saudable. Todo o curso.

– 4º ESO.

Surf (1). 23, 29 e 28 de setembro os grupos A,B e C respectivamente

Competición de campo a través. 1º trimestre.

Esquí. 2º semana de xaneiro

Carreira da Luz. 3º trimestre.

Coñecemento de clubs deportivos da contorna. Todo o curso.

Fomento de alimentación saudable. Todo o curso.

– 1º Bacharelato.

Sendeirismo e kayak no Chelo. Outubro.

Competición de campo a través. 1º trimestre.

Esquí. 2º semana de xaneiro.

Tenis e padel. 3º trimestre.

– Carreira da Luz. 3º trimestre.

– Rafting. 2º trimestre.

– Coñecemento de clubs deportivos da contorna. Todo o curso.



- Fomento de alimentación saudable. Todo o curso.
- (1) Actividades organizadas e subvencionadas polo concello de Oleiros.

ORIENTACIÓN:

- Diversas actividades nas titorías en colaboración co Concello
- Actividades referidas a saídas profesionais e continuidade nos estudos

TECNOLOXÍA:

- Non ten actividades planificadas

LINGUA GALEGA E LITERATURA:

- Excursión a Rianxo (Rianxo: un mar de tradición). 1ºBacharelato
- Excursión a Mondoñedo ((Terras máxicas). 3ºESO
- Charla con autores de libros de lectura obrigatoria (4ºESO)

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

- Proxecto 'Camiño andando'
- Concurso literario " Descubrindo Oleiros" en Colaboración co Concello de Oleiros
- Elaboracións de cartaces, pegatinas, chapas en defensa do uso do galego.
- Concurso de decoración de aulas en Nadal.
- Charla presencial ou por videoconferencia con diferentes autores/as
- Entroido en galego.
- Exposición de máscaras de entroido
- Celebremos o Día de Rosalía
- Elaboración de chapas e bolsas de tea con Lemas suxeridos polo alumnado para o Día Internacional da Muller o 8 de marzo
- Versións de obras artísticas. Exposicións de versións de obras mestras da historia da pintura, con textos informativos en galego
- Campaña de fomento da lectura en galego en colaboración tamén coa Biblioteca do centro para conmemorar o Día do Libro
- Concurso de microrrelatos con temática pendente de concretar. Organizado pola ANPA
- Ilustración dun Relato ou Poema. Neste caso o Departamento colaborador será o de Plástica
- Exposición de cómics en galego
- Tradución dun relato, poesía ou canción a diferentes linguas. Contamos coa colaboración do Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés
- Curso acelerado de iniciación ao portugués
- Concurso de spots publicitarios para promover o uso da lingua galega
- Tik-toks en galego
- Ciclo de cinema. Con esta actividade pretendemos familiarizar aos alumnos con distintos ámbitos da cultura da nosa lingua, asistindo así á proxección de diferentes



- películas en galego. Posibilidade de videoconferencia con algún directora/a, actor ou actriz galega...
- Ciclo de teatro. Asistencia a representacións teatrais de interese sociolingüístico ou literario no caso de que a situación sanitaria nolo permita ou Dobraxe de fragmentos de series ou películas ao galego ou mesmo de participar de figurantes en películas de produción galega
 - Festival de expresión oral: Recitado de poemas, exposición dunha lenda, conto popular, relato, monólogo, diálogo, representación teatral e/ou canción. A exposición debe ser feita de memoria e valorarase a dición e posta en escena
 - Semana das Letras Galegas: Colaboración na homenaxe á figura destacada neste ano (Francisco Fernández del Riego) e exposición da vida e obra deste autor. Trataremos de profundar no coñecemento deste persoeiro e conectalo con outros autores/as da súa época
 - Concurso de receitas (sobremesas) francés-galego. En colaboración co Departamento de francés
 - Concurso de marcapáxinas para agasallar no día das Letras Galegas
 - Xincana das Letras Galegas
 - Elaboración de Kahoots en galego
 - Menús de comedor. Coma todos os anos, o alumnado da ESO seguirá traducindo ao galego os menús ofertados polo comedor
 - Participacións en roteiros culturais e literarios

ECONOMÍA:

- Non ten actividades planificadas

RELIXIÓN:

- Non ten actividades planificadas

6.4.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- a) Actividades do Plan de Convivencia. Na súa meirande parte ofertadas e subvencionadas polo Concello de Oleiros.
- b) Actividades de orientación académico-profesional nas horas de titorías.

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:30-9:20		1º ESO C	1º ESO A 3º ESO D	3º ESO C	4º ESO B 4º ESO C
9:20-10:10			3º ESO A		
10:30-11:20		2º ESO D			
11:20-12:10		2º ESO A			
12:30-13:20	3º ESO B	1º ESO B 4º ESO A			2º ESO C
13:20-14:10					2º ESO B
16:20- 17:10		1º ESO D			
17:10-18:00					

Cadro horario das titorías nas que terán lugar as actuacións do Departamento de Orientación. Todas as actividades extraescolares e complementarias previstas estarán supeditadas á evolución da situación sanitaria e ás restricións derivadas desta.

6.5.- PROPOSTA DE VIAXES EXTRAESCOLARES.

- a. Semana Branca. Alumnado de 1º da ESO ata 1º de Bacharelato.
- b. Viaxe de fin de estudos de 4º ESO.

Todas as actividades extraescolares e complementarias previstas estarán supeditadas á evolución da situación sanitaria e ás restricións derivadas desta.

6.6.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLA ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ.

OFERTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Obradoiro de Xornalismo. A actividade farase os martes de 15 a 16 h. e ten como obxectivo final a confección da Revista escolar.

OFERTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

TÉCNICAS DE ESTUDO.

8 sesións de técnicas de estudo previstas para os grupos de 1º da ESO. Estes obradoiros serán impartidos en horario de titoría durante o segundo trimestre do curso.

ESCOLA DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS.

Todas as actividades extraescolares e complementarias previstas estarán supeditadas á evolución da situación sanitaria e ás restricións derivadas desta.

7.- CONVENIOS E ACORDOS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN.S.

A integración do Centro na contorna social no que se atopa é alta, e leva consigo unha continua colaboración e aproveitamento dos recursos ofrecidos polas institucións e empresas da zona. O Centro está aberto á colaboración con institucións externas que lle sirvan para enriquecer a súa oferta educativa e cultural.

Temos previsto seguir colaborando, como en anos anteriores coas seguintes Institucións:

7.1.- CONCELLO DE OLEIROS.

As relacións co Concello continuarán e potenciaranse nos sectores educativos, culturais e deportivos. Froito de tal contacto son as actividades desenvolvidas polas concellarías de Xuventude, Cultura e Deportes e Servicios Sociais.

7.2.- CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE A CORUÑA.

Potenciaranse os contactos co CEFORE, solicitando a formación necesaria para o profesorado de noso Centro, particularmente aqueles que participen en grupos de traballo.

7.3.- UNIVERSIDADES DE A CORUÑA E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Tutelar ao alumnado das Universidades que realizan prácticas no Centro, xa sexan estes alumnos de Máster, ou de Praticum da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, ou da Facultade de Ciencias da Educación.

Participación do profesorado das citadas universidades como poñentes e titores no StemBach 2022/2023.

8.- PLAN DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Para o desenvolvemento da planificación está previsto levar a cabo o seguinte plan de reunións dos órganos colexiados do Centro:

PLAN DE TRABAJO DO CLAUSTRO DE PROFESORADO										
ACTIVIDADES	CALENDARIO									
	2022				2023					
	SE	OU	NO	DE	XA	FE	MR	AB	MA	XU
Asignación de cursos e grupos. Entrega de horarios.	X									
Información da PXA de Centro e aprobación dos aspectos docentes da mesma.		X								
Eleccións de representantes no Consello Escolar (anos pares).			X							
Análise e valoración dos resultados académicos e da convivencia.					X			X		X
Análise e avaliación da PXA.										X
Información da Memoria Final do Centro, previo á súa presentación ao Consello Escolar.										X

PLAN DE TRABAJO DO CONSELLO ESCOLAR										
ACTIVIDADES	CALENDARIO									
	2022				2023					
	SE	OU	NO	DE	XA	FE	MR	AB	MA	XU
Aprobación da PXA de Centro.		X								
Eleccións de representantes no Consello Escolar (anos pares). Constitución do Consello Escolar.			X							
Aprobación dos gastos do ano 2022. Análise e valoración da situación económica do Centro.					X					
Análise e valoración dos resultados académicos e da convivencia.					X			X		X
Oferta das vacantes existentes, dentro do proceso de escolarización.						X				
Decisión sobre a admisión do alumnado.							X			
Análise e valoración dos resultados académicos e da convivencia.					X			X		X
Aprobación da Memoria Final do Centro.										X

9.- PROGRAMAS E PROXECTOS.

O Centro participa nos seguintes programas:

9.1.- PLAN LÍA 2021/2025 DE BIBLIOTECAS ESCOLARES.

O Plan LÍA de bibliotecas escolares para o período 2021-2025 ten como un dos seus obxectivos o de dotar os Centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.

Bibliotecas escolares como Centros de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de carácter dinámico e en constante actualización, que pretenden ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, axuda a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos Centros e proporcionar ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

9.2.- PLAMBE.

A través da convocatoria anual de PLAMBE continúaase, coa liña de incentivos a aqueles Centros públicos xa integrados no programa.

9.3.- PLAN PROXECTA+.

PROGRAMA. "DONAS DE SI". 1º E 2º DA ESO.

Xustificación.

Logo do camiño na loita pola igualdade de dereitos entre os homes e as mulleres na sociedade do século XIX, cómpre afondar neste empeño recoñecendo os valores e as achegas das mulleres á innovación cultural, científica e intelectual e situalas nos contextos que lles tocou vivir. Para esta tarefa é esencial descubrir aspectos esquecidos e que nos axuden a comprender máis profundamente o que significaron.

Definición.

O programa Donas de si consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa visibilización e empoderamento das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega e como punto de partida para traballar na aula a igualdade e os estereotipos de xénero.

Obxectivos.

- Visibilizar e pór en valor a participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea.
- Recoñecer o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se superar a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

Profesor coordinador: Alfredo Blanco Martínez.

Profesores participantes:

Ana García Freire.

Pilar Guillén Larraz.

Eva Valiño Bouzas.

María José Bargados Varela.

María Begoña Bugía Vázquez.

PROGRAMA. "PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA". MÁIS E MELLOR ACTIVIDADE FÍSICA / MÓVETE MÁIS. ESO E BACHARELATO.

Obxectivos xerais.

- Loitar contra a inactividade física e o sedentarismo, creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a vida, dende a infancia ata a vellez.
- Actuar (o centro) dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable, rentabilizando os recursos existentes no seu ámbito de influencia (públicos e privados).
- Fomentar que o 100% das alumnas e alumnos reciban información e asesoramento de como incorporar no seu día a día, tanto no horario lectivo coma non lectivo, actividade física, exercicio físico ou deporte como hábito de vida saudable,
- Incrementar na súa estadía no centro a práctica de actividade física de calidade.

Obxectivos específicos.

- Integrar a filosofía do programa dentro do centro educativo (claustro, consello escolar, comunidade educativa, programa educativo, plan anual).
- Estructurar e ordenar todas as posibilidades ao alcance do centro educativo para fomentar na comunidade educativa a necesidade de levar unha vida activa, elaborando mapas de recursos existentes ao alcance da comunidade educativa.
- Valorar a condición física para a saúde do alumnado como método de avaliación e seguimento das accións propostas dentro do programa, tanto neste curso escolar coma nos vindeiros anos.
- Dar a coñecer á comunidade educativa, a través dun blog, web do centro etc. de todas as accións que se realizan no marco da participación neste programa e como medio dinamizador dos obxectivos do mesmo. Será obrigatorio incorporar o logo do proxecto á paxina web do centro para a difusión das actividades.
- Utilizar novas tecnoloxías para o seguimento da saúde (DAFIS).
- Coñecer a cantidade mínima de exercicio físico que se debe realizar dentro de cada grupo de idade para levar unha vida activa e saudable.

Profesora coordinadora: Elena González Arias.

Profesores participantes:

María Gómez López.

David Fernández Mariño.

Óscar Iglesias Fernández.

9.4.- STEM BACH.



Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía en liña cos obxectivos da Estratexia Galega de Educación Dixital "Edudixital 2020" tratando de favorecer no alumnado a adquisición das competencias clave transversais, e máis propiamente as vinculadas ao ámbito STEM (Matemática, Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñería).

O principio metodolóxico básico é fomentar o pensamento científico e o enfoque práctico de indagación e resolución de problemas, a través da realización dun proxecto de investigación. Implica para o alumnado cursar unha materia de afondamento, relacionada co ámbito STEM. Extracurricular de 2/3h. fóra do horario ordinario. Conleva o desenvolvemento e defensa dun proxecto de investigación e actividades complementarias de formación organizadas polo Centro en colaboración con universidades, entidades ou organismos investigadores.

Profesor coordinador: Ricardo Ferreiro Sanjurjo.

9.5.- POLOS CREATIVOS.

Os Polos teñen como obxectivo final o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes e están baseados na aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais.

Profesora coordinadora: Sandra Sambade Nieto.

9.6.- EDULINGÜE.

EDUEXCHANGES.

Programa de intercambio de alumnado entre Centros escolares galegos e Centros do estranxeiro, co fin de que os rapaces melloren as súas competencias lingüísticas noutro idioma, nun contexto de convivencia diaria nunha contorna familiar.

Intercambios. Enmarcado dentro da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020-EDUlingüe, o Departamento de Lingua Estranxeira Francés participa este curso no programa EduExchanges: Intercambios Escolares con centros educativos estranxeiros durante o curso 2022/2023.

O proxecto de intercambio se integrará na programación do Departamento de Francés, na medida en que os traballos orientados ao intercambio serán un elemento pedagóxico importante na clase, con a súa programación temporal e a súa avaliación tamén.

O aporte de experiencia humana que supón a convivencia cunha familia francesa durante unha semana, a integración, a inmersión cultural e social coa familia de acollida, adaptándose a novos horarios, a novas comidas, a novas actividades e novas relacións familiares, distintas a súas propias, fai da estadía unha vivencia de enriquecemento persoal e humano de primeiro nivel.

9.7.- PLAN DIRECTOR.

Para a convivencia e a mellora da seguridade nos Centros educativos e nos seus contornos, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos Centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís etc; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

9.8.- PLAN DE ALERTA ESCOLAR.

O Centro está incluído no programa de Alerta Escolar en colaboración coa Fundación 061 e ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise.

10.- PLAN ANUAL DE LECTURA DENTRO DO PLAN LECTOR DO CENTRO.

Continúase co horario da profesora María García Maseda como coordinadora do PLAMBE, que dedicará a potenciar a lectura e o uso da mesma, ver programación anual da biblioteca.

Achégase como anexo ao Plan Xeral Anual:

- ANEXO 1: Plan anual de lectura.
- ANEXO 2: Proxecto lector de Centro.

11.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.

No presente curso, asígnouse a coordinación TIC, ao seguinte profesorado do Centro:

- Rocío Rey Rodeiro.
- Raquel Rendo Martínez.
- Marcos Manuel López Gómez.
- José Luis Domínguez Salgueiro.

Encargaranse tamén do mantemento e mellora da páxina web, (www.edu.xunta.es/centros/iesmiraflores), na que se irán ampliando contidos con enlaces a blogs dos distintos departamentos e ou organismos con información interesante para a comunidade educativa. Ao mesmo tempo iranse incorporando documentos para o uso das familias (modelos de impresos a empregar para as distintas xestións relacionadas co Centro).

12.- GRUPOS DE TRABAJO.

No presente curso levaranse a cabo os grupos de traballo que a continuación se relacionan e o profesorado que participa en cada un deles:

12.1.- PROXECTO NORMALIZACIÓN.

ANEXO 3: Proxecto Fomento do uso do galego.

12.2.- ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DO CENTRO.

- José Luis Domínguez Salgueiro.
- Marcos Manuel López Gómez.
- Rocío Rey Rodeiro.
- Raquel Rendo Martínez.

12.3.- BIBLIOTECA.

- María García Maseda; departamento Relixión. Coordinación da biblioteca.
- M^a Cruz Almendáriz García; departamento: Física e Química.
- M^a Concepción Castro Higelmo; departamento: Xeografía e Historia.
- Susana de Lorenzo González; departamento: Latín e Grego.
- Beatriz Mantiñán Pérez; departamento: Economía.
- M^a Rocío Rey Rodeiro; departamento: Tecnoloxía.
- M^a Isabel Rodríguez Andreolotti; departamento: Lingua Castelá e Literatura.
- Graciela Grande Veloso; departamento de Lingua Galega.
- Carmo Gasamans Chento; departamento de Lingua galega.
- Mercedes López González; departamento de Lingua Castelá.
- Ana Sogo López; departamento de Plástica.
- Nilo Manuel Casares Rivas; departamento de Filosofía.



13.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA.

HORARIO DE BIBLIOTECA.

Luns a venres: de 10:10 a 10:30 (primeiro recreo); de 12:10 a 13:20 (segundo recreo).

GARDAS DE BIBLIOTECA.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º RECREO	SUSANA L MARÍA GARCÍA	NILO CASARES	SUSANA L CARMO GASAMÁNS	NILO CASARES CARMO GASAMÁNS	NILO CASARES
2º RECREO	MARÍA GARCÍA CARMO GASAMÁNS	MARÍA GARCÍA SUSANA L	MARÍA GARCÍA NILO CASARES	SUSANA L MARÍA GARCÍA	MARÍA GARCÍA CARMO GASAMÁNS

ANEXO 4: Programación da biblioteca.

14.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

14.1.- SERVICIO DE TRANSPORTE ESCOLAR.

RUTA 1	RUTA 2	RUTA 3	RUTA 4	RUTA 5	RUTA 6
PARADAS	PARADAS	PARADAS	PARADAS	PARADAS	PARADAS
Coruxo Arriba	Urb. Montrove	O Seixo	Vilar	As Pitas	A Seara
Barreira	Lamastelle	O Temple	A Veiga	Gándara	San Marcos
Xubin e Bulleiro	Os Regos	Mesón da Auga	Seixal	Os Vilares	Vilanova
Río	As Pedreiras		A Fortaleza	Raposeira	Xardín de Nós
Pousada			O Carballo	Morzán	Igrexa San Pedro
O Bosque				Fontes	
Covo				P. Arenaza	
Edreira				Fonte Ouro	
Castelo(Sada)					
Cova Torres					
INSTITUTO	INSTITUTO	INSTITUTO	INSTITUTO	INSTITUTO	INSTITUTO

Segundo a Instrución conxunta 1/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre a xestión do servizo de transporte de escolar para o curso 2022-2023: Serán usuarios lexítimos do transporte escolar gratuito as persoas alumnas cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios. Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida, ou contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola administración educativa”.

Debido a que o número de solicitudes de transporte por parte dos alumnos/as de bacharelato excede o número de prazas libres nas rutas, arbitrouse como criterio o sorteo público das letras do primeiro apelido para adxudicar as prazas vacantes en caso



de empate nos Centros da comunidade galega sostidos con fondos públicos para o curso 2022/2023.

14.2.- SERVIZO DE COMEDOR.

O servizo de comedor é xestionado pola ANPA do Centro, sendo o número de comensais variable, en función da existencia ou non de clases pola tarde.

O servizo préstase no salón de actos do Centro e ademais, de maneira excepcional, no corredor da planta baixa.

No presente curso o número aproximado de comensais diario oscila segundo os días da semana expresados no seguinte cadro:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Nº COMENSÁIS APROXIMADO	150	150	80	70	60



15.- FORMACIÓN DO PROFESORADO.

15.1.- PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP).

Co fin de desenvolver o Plan Dixital de Centro conforme á “Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022”, solicitouse a participación no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no Itinerario 1, “Desenvolvemento das tecnoloxías dixitais do ensino, Liña de actuación: Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. EDUCACIÓN Dixital”.

Este curso 2022-2023 desenvólvese o segundo ano de formación.

PROFESORADO PARTICIPANTE.

- Álvarez Vila, Nerea.
- Bargados Varela, María José.
- Buceta García, David.
- Carballo González, Alba.
- Domarco Álvarez, Olaya.
- Domínguez Salgueiro, José Luis.
- Guillén Larraz, María Pilar.
- Iglesias Fernández, Óscar.
- López Gómez, Marcos Manuel.
- Rendo Martínez, Raquel.
- Rey Rodeiro, María Rocío.
- Sambade Nieto, Sandra.
- Sánchez Pereira, Iván.

15.2.- OFERTA FORMATIVA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE.

Como parte da reciclaxe e mellora nos coñecementos e actuacións do profesorado, individualmente e de forma voluntaria participarán en diferentes cursos ofertados polos CEFORES.

16.- ANEXOS.

ANEXO 1.- PLAN ANUAL DE LECTURA.

ANEXO 2.- PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

ANEXO 3.- PROXECTO FOMENTO DO USO DO GALEGO.

ANEXO 4.- PROGRAMACIÓN DA BIBLIOTECA.

IES MIRAFLORES OLEIROS

**PLAN ANUAL DE LECTURA
2022-2023**

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR

CURSO 2022 – 2023

1. Organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

Seguindo o camiño empezado hai dous cursos e para crear espazos seguros, o próximo curso seguiremos potenciando as nosas Canles de comunicación, información e difusión:

-O noso blog: <http://bibliotecaiesmiraflores.blogspot.com/>

-Facebook: <https://www.facebook.com/miraflores.oleiros.5>

-A nosa canteira: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/42>

-Anímate a lelo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/16>

-Club de lectura: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/15>

Temos abertas varias canles de comunicación, información e difusión, nelas a comunidade educativa pode publicar as súas opinións sobre os diferentes fondos e actividades e tamén as súas creacións literarias, artísticas, banda deseñada...

Precisamos potenciar tamén outras seccións con carácter informativo, témolo pendente:

-Actualizar tamén o fondo virtual, a nosa guía de recursos dixitais, a presenza na web do centro, e a creación dunha nova Guía ALFIN de referencia para os nosos usuarios. Así como seguir mellorando a nosa colección de libros informativos para cumprir a proporción do 60% - 40% coa literatura e a ficción.

-Colgar na Aula Virtual do centro as actividades da biblioteca.

-Elaborar toda a documentación relativa á Biblioteca e ao Proxecto Lector, documentos presentes no PEC e no PAX.

-Catalogación de todos os fondos no Proxecto Meiga. Aínda que esta tarefa é moitas veces postergada por falta de tempo, dando prioridade a outras actividades dinamizadoras. Potenciar seccións de banda deseñada, novela gráfica, álbums ilustrados en edicións de calidade, conscientes da súa forza e o seu futuro como libros en papel.

-Formación continua do profesorado que dinamiza o grupo da biblioteca, aproveitando os cursos relacionados coa mesma e que ofrecen as administracións educativas. Participar en Xornadas, Encontros e Congresos...

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

-A través das nosas canles telemáticas e tamén de maneira física e presencial, damos a coñecer as informacións das nosas actividades ao longo de todo o ano.

-Os Clubs de lectura, veñen funcionando de xeito continuado en ESO, BAC e adultas.

-A presenza de autores no instituto que veñen falar (ou falan en videoconferencia) da súa obra en colaboración con diferentes departamentos didácticos ou o encontro cos autores noutros ambientes (Concello).

-Realizando exposicións de fondos temáticos da biblioteca e a súa guía didáctica.

-Colaboración coa ANPA Miraflores: obradoiro de xornalismo.

-Exposicións de todas as actividades artísticas coas que nos obsequia o Departamento de Plástica, inspiradas nos libros de lectura, na literatura, nas efemérides...

-Animación e difusión por vía telemática de inquiredanzas, traballos, actividades... cando non é posible de xeito presencial.

Contribución da biblioteca ao desenvolvemento das competencias básicas.

Competencia en comunicación lingüística.

- Formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

- Comprender e expresar adecuadamente ideas e emocións, e as críticas con espírito construtivo.

Competencia matemática.

- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. Descubrir a presenza e utilidade das matemáticas en toda a información que nos chega.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

- Demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como adquirir hábitos de consumo responsables e de saúde na vida cotiá.

Competencia dixital: DE GRAN IMPORTANCIA ANTE A SITUACIÓN ACTUAL: TELETRABALLO.

- Formar aos nosos estudantes na busca, selección, rexistro e tratamento e análise da información, utilizando estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

- Aprender a ser persoas críticas e reflexivas na valoración da información dispoñible, contrastándoa, e respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Competencia social e cidadá: DE MOITA RELEVANCIA ASUMIR A NOSA RESPONSABILIDADE.

- Comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como contribuír á súa mellora.

- Favorecer a comprensión e o compromiso da realidade histórica e social do mundo.

Competencia cultural e artística.

- Potenciar, mediante diversos concursos e convocatorias, a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos, as habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender.

- Formar habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

- Discriminar a necesidade de aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe: Formularse preguntas, identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema, racional e criticamente, coa información dispoñible.

Autonomía e iniciativa persoal.

-A biblioteca como lugar para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo: empatía, diálogo e negociación. Fomentar a asertividade para comunicarlles adecuadamente ás outras persoas as propias decisións e ser flexible.

3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual «competencia dixital»).

Somos conscientes e tentaremos dar resposta aos novos retos da Alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa. Precisamos revisar o carácter híbrido da nosa colección, e deseñar programas urxentes de alfabetización informacional para o alumnado e outros membros da comunidade escolar”.

-Seguir coa formación dos membros do equipo da biblioteca en ALFIN e outras novas formas de traballar na distancia se fora necesario. Xa temos máis idea da que tiñamos antes do 2020 pero tamén somos conscientes das nosas carencias.

-Facer fincapé nos recursos dixitais para o noso alumnado, a través dunha Guía Básica de ALFIN e outros recursos tomando exemplo doutros centros que nos preceden neste camiño.

-Aproveitar máis a Aula virtual do centro na súa sección de biblioteca.

-Fomentar a utilización das TICs tanto na investigación documental (recompilación, interpretación e produción da información) como no tratamento da información recibida e avaliación das mesmas.

- Mellorar de maneira urxente a alfabetización mediática e informacional do noso alumnado na Xornada de acollida e outras actuacións, aproveitando que nos últimos cursos, tiveron que avanzar moito neste terreo.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

- Retomaremos o uso da Sala de lectura e o espazo físico, sempre adaptándonos as novidades da situación sanitaria.
- Como equipo responsable da biblioteca revisamos cada ano o Proxecto Lector do Centro, redactamos o Plan Anual de Lectura, ofrecemos a nosa axuda e dispoñibilidade aos departamentos para levar a cabo o Proxecto Lector e o Plan Anual.
- Temos pendente levar adiante a “Hora de ler” con profesorado voluntario.
- Formación de usuarios no 1º trimestre, xornada de acollida.
- Continuaremos coa práctica dos anos pasados de visionar unha curtametraxe en os segundos recreos dos venres, as veces adiados monograficamente á un tema ou temas variados. As curtas eran buscadas e seleccionadas polo nosos axudantes.
- Seguir animando os nosos lectores a facer recomendacións das lecturas en distintos soportes.
- Celebración de diferentes efemérides literarias ou transversais ao longo do curso: Día Internacional das Bibliotecas Escolares, Día de defuntos, Samaín, Consumo responsable, Día da Paz, de Rosalía, da Muller, da Poesía, do Libro, das Letras Galegas, do Medio ambiente, etc.
- Facer a nosa actividade mensual en colaboración cun departamento distinto cada mes.
- Club de Lectura: ampliálo e compartilo.
- Difusión das guías de lecturas recomendadas por a Biblioteca do Concello de Oleiros.
- Patrullas de reciclaxe con alumnado voluntario.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Seguir potenciando a nova sección de biblioteca inclusiva incorporando a nosa colección novos recursos de lectura: Letra grande, audiolibros, lectura fácil, álbums Ilustrados...
- Oportunidades para sensibilizar: Adquisición de libros e recursos sobre o tema da inmigración, presenza de varias ONGDs na biblioteca e no centro.
- Favorecer a creación dunha nova actitude en relación coa diversidade, visibilizando e normalizando as diferentes necesidades.
- Buscar maneiras de resposta a chamada fenda dixital da nosa comunidade educativa.
- Espazos, mobiliario e equipamento en continua adaptación as necesidades do noso alumnado para todas as persoas da comunidade educativa, con distintos perfís, capacidades e recursos.

6. Outras actuacións.

- Colaboración coa ANPA do Centro.
- Colaboracións con outros departamentos para actividades concretas.
- Colaboración con outras bibliotecas no foro PLAMBE.
- Colaboración con outras bibliotecas escolares da nosa zona e outras a través do CFR.
- Colaboración coas bibliotecas escolares e do concello: roteiros, obradoiros, encontros...
- Biblioteca solidaria: convocatorias e accións solidarias a través da biblioteca.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

1. Avaliación inicial. diagnosticando a nosa situación despois deste décimo curso no PLAMBE, e un curso tan especial como o pasado que nos fai poñer a atención as numerosas posibilidades que ten a biblioteca escolar, tamén para o teletraballo.

2. Avaliación continua. Queremos facer a reflexión o longo do curso para non facelo as presas e para que poidamos incorporar o froito desta reflexión ao noso traballo.

O contacto directo das persoas responsables da biblioteca coa comunidade educativa é unha boa forma de apreciar as opinións e o uso real de cada servizo.

3. Avaliación final: (que se incluírá na Memoria final) onde se recollerá o traballo realizado, debidamente avaliado e se elaborará a programación para o próximo curso. Froito desa avaliación facemos estas LIÑAS PRIORITARIAS para o curso 2022-2023.

Procedementos de avaliación: Estatísticas, Suxestións e Enquisas ademais da reflexión crítica do grupo de traballo da biblioteca, despois do seu traballo e na relación diaria cos usuarios/as.

8. Persoa responsable da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Responsable biblioteca escolar: María García Maseda (Horario: 4 horas)

Equipo: 10 profesoras con destino definitivo no Centro. (Algunhas con 2 recreos no horario)

M^a Cruz Almendáriz García; departamento: Física e Química. Consello escolar.

M^a Concepción Castro Higelmo; departamento: Xeografía e Historia. Clubs de lectura.

Susana de Lorenzo González; departamento: Latín e Grego.

Beatriz Mantiñán Pérez; departamento: Economía. Secretaria do Centro.

M^a Rocío Rey Rodeiro; departamento: Tecnoloxía.

M^a Isabel Rodríguez Andreolotti; departamento: Lingua Castelá e Literatura.

Graciela Grande Veloso; departamento de Lingua Galega e EDNL. Consello escolar.

Carme Gasamans Chento; departamento de Lingua galega. Consello escolar.

Mercedes López González; departamento de Lingua Castelá. Consello escolar.

Ana Sogo López; departamento de Plástica.

Rosa García Vilariño; compañeira xubilada de Lingua galega, que segue a colaborar con nos nas tarefas de manter o blog ao día, roteiros literarios...

-Coordinación: reunión semanal do equipo nalgún recreo, e-mails e grupo de whatsApp.

-Salientar tamén aquí a enorme dedicación de tempo voluntario entregado por todo o equipo, sen este compromiso, moi enriquecedor e gratificante para nós, non poderíamos facer todo o contido do noso proxecto.

-O noso equipo leva traballando máis de 10 cursos na biblioteca, esperamos incorporar xente nova en todos os aspectos para o futuro da biblioteca no noso centro. Esperamos que pronto xurdan novos proxectos e persoas que os queiran levar a cabo. Este ano foi imposible pola enorme carga de traballo de cada profesora e profesor do claustro.

PROXECTO LECTOR DE CADA DEPARTAMENTO

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Sen perxuízo do recollido na programación xeral, incorporamos, neste curso, as seguintes novidades:

1º ESO e 2º de ESO

1º e 2º TRIMESTRE.

Realizarase unha lectura comprensiva de cada tema, facendo especial fincapé aos documentos históricos, científicos e literarios que están recollidos por temas no libro de texto

3º TRIMESTRE

Propónse a lectura de cómics de Asterix e Obelix como ambientación da historia de Roma, e outras culturas veciñas

Suxerirase a lectura de “La vida diaria de los romanos” de Pepe Carballude

No presente curso, aproveitarase o material e os recursos audiovisuais e sonoros tanto da Biblioteca como do propio Departamento para que o alumnado poida utilizado no seu proveito e serva de motivación na materia-

3º ESO

1º e 2º TRIMESTRE

Realizarase unha lectura comprensiva dos temas relacionadas coa Xeografía. Facendo especial fincapé nos documentos literarios e documentos xeográficos que aparecen en cada tema e que están recollidos no libro de texto.

3º TRIMESTRE

-Lectura da novela “Capitanes de la arena” de Jorge Amado

4º ESO

1º e 2º TRIMESTRE

Realizarase unha lectura comprensiva dos temas relacionadas coa Historia contemporánea Facendo especial fincapé nos documentos literarios e documentos históricos e historiográficos que aparecen en cada tema e que están recollidos no libro de texto.

3º TRIMESTRE

Lectura da novela “Rebelión en la Granja de Georges Orwell

1º e 2º de BACHARELATO

1º, 2º e 3º TRIMESTRE

Dada a complexidade dos cursos de 1º e 2º de bacharelato, traballarase especialmente os documentos, imprescindible para aproximarse a metodoloxía de ensino- aprendizaxe aplicada en Historia do Mundo Contemporáneo, Xeografía, Historia da Arte e Historia de España.

Utilizaranse, basicamente, os documentos dos diferentes libros de texto. Con carácter puntual, o profesorado de cada materia, lle proporcionará ao alumnado material documental que serva de complemento e axuda para desenvolver os distintos temas.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O noso departamento segue a fomentar a lectura de obras clásicas ou modernas de literatura francesa. As edicións de lecturas graduadas e adaptadas ao nivel de competencia lingüística do alumno son un instrumento inesquecible para a aprendizaxe da lingua estranxeira ao mesmo tempo que levan ao alumno a desenvolver o seu imaxinario persoal.

O Departamento de Francés adquiriu recentemente 20 volúmenes da colección Chat Noir da Editorial Vicéns-Vives. Ademais, a Editorial Santillana nos agasallou con 40 volúmenes da colección Évasion, de distintos niveles de lingua. Todos estes volúmenes pasaron a engrosar o fondo de literatura francesa da biblioteca do noso centro e están a disposición de todos os alumnos mediante o seu préstamo.

Durante as vacacións de Nadal, os grupos de bacharelato e 4º da ESO realizarán a lectura dun libro por alumno das devanditas coleccións. En xaneiro farán unha exposición oral do mesmo para toda a clase. Estes grupos volverán a ler outro libro diferente durante as vacacións de

Semana Santa. Os grupos de 3º e 2º farán unha lectura ao longo do curso, cando o profesor do grupo o considere axeitado.

Queremos salientar a boa acollida destas lecturas por parte dos alumnos que manifestan non ter grandes dificultades na súa comprensión e no traballo encomendado. Non queremos esquecer que estas lecturas conteñen o texto íntegro gravado nun CD e que os alumnos teñen a obriga de escoitar, unha vez lido e comprendido o contido do libro na súa integridade. Logo, estamos a traballar ao mesmo tempo as catro competencias que marca a nosa programación nunha mesma actividade: comprensión escrita e oral e expresión escrita e oral.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Realización de actividades que promovan a capacidade de comprensión lectora.

O alumnado deberá ler en voz alta na clase textos relacionados coa materia, dedicando aproximadamente un 10% do tempo de clase.

Promover a lectura de textos, artigos, noticias... relacionados coa materia.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Se trata de recopilar diferentes textos que aparecen en algunhas guías didácticas de música para adolescentes e en diversos materiais docentes que se encontran na red.

Dichos textos nos hablan de personaxes famosos que han pasado a la historia (científicos, pensadores ilustres) e que a la vez mantuvieron una estrecha relación con la música como compositores, investigadores o intérpretes, sin que esta faceta haya pasado al conocimiento del gran público.

En definitiva se trata de recoger textos musicales firmados por:

- PLATON
- PITAGORAS
- LEONARDO DA VINCI
- ROUSSEAU
- ALBERT EINSTEIN
- FRIEDRICH NIEZSTCHE
- PAUL KLEE
- FEDERICO GARCIA LORCA
- ALGUNOS OTROS

En otro orden de cosas, hay diverso material de entrevistas concedidas en Radio Clásica-RNE con figuras sobresalientes de la interpretación y composición musical muy aptas para ser transcritas y leídas por los alumnos.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Aínda que as clases de Educación Física son fundamentalmente prácticas, no desenvolvemento dos contidos conceptuais utilízase a lectura. Ademais, na realización dos traballos teñen que consultar diversas fontes e realizar unha síntese da información atopada, exercitando a comprensión lectora.

En resume, as accións de fomento da lectura serán:

- Lecturas dos temas a estudar.
- Busca e recollida activa de información en medios impresos ou en Internet.
- Realización de traballos escritos a man sobre algúns dous contidos que se impartan na práctica.
- Presentar, en ocasións, as actividades físicas a realizar, en forma de manual ou de fichas descritivas.
- Lectura de artigos relacionados cos contidos a impartir durante a volta a calma das sesións.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Na biblioteca e coa finalidade de falicitarlles aos alumnos material de lecturas en Inglés axeitado aos diferentes niveis, temos libros para o préstamo e, de este xeito, tentamos fomentar o seu hábito lector. Consideramos que esta clasificación da biblioteca por niveis permítenos atender mellor á diversidade. Aqueles alumnos que teñen un nivel baixo ou máis alto que a media do grupo teñen a posibilidade de levar para casa o libro de lectura adaptado ó seu nivel (moitos deles inclúen un CD co cal poden escoitalo ao tempo que o leen). Cada trimestre poden levar dous ou máis libros e deben de encher unha ficha proporcionada polo profesor sobre información sobre o libro (persoaxes, argumento, etc), a súa opinión, listaxe de palabras novas aprendidas, etc. Todo este traballo de reforzamento estará supervisado polo profesor/a e o terá en conta na nota de cada trimestre.

Incorporamos estas lecturas obrigatorias:

Moby Dick en 1ESO

Dracula en 2ESO

The Hound of the Baskervilles en 3ESO

Three Men in a Boat en 4ESO

Libros ilustrados y cómics en PDC

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Na programación didáctica do noso departamento, a atención ás competencias lectoras desempeña un papel fundamental. Así, dentro de cada unidade didáctica, lemos en clase un texto pertencente a calquera dos diversos xéneros (narrativo, poético, dramático, etc.) e facemos o seu posterior comentario, a través de actividades de comprensión, expresión e análise literaria e lingüística. Así mesmo, tamén é habitual que os contidos teóricos de cada unidade sexan lidos en clase en voz alta polos alumnos/as antes de ser explicados e comentados.

Ademais, ao longo de cada curso os alumnos/as len na súa integridade tres obras como mínimo de lectura obrigatoria (unha por trimestre), cuxa avaliación pode ser ponderada ata un 20% sobre a nota global.

Lecturas obrigatorias Departamento Lingua castelá curso 2022-2023:

1º ESO

1ª evaluación: María Menéndez Ponte, *Nunca seré tu héroe*, ed. SM

2ª evaluación: Antología de poesía

3ª evaluación: Agatha Christie, *La ratonera*, ed. Vicens Vives

2º ESO

1ª evaluación: Carmen Martín Gaité, *Caperucita en Manhattan*, ed. Siruela

2ª evaluación: *De todo corazón. 111 poemas de amor*, ed. El barco de vapor

3ª evaluación: Ignasi García, *El chip experimental*, ed. Anaya

3º ESO

1ª evaluación: Pedro Ruiz García, *El enigma del scriptorium*, ed. SM

2ª evaluación: Anónimo: *Lazarillo de Tormes*, ed. Vicens Vives, clásicos adaptados.

3ª evaluación: César Mallorquí: *Las lágrimas de Shiva*, ed. Edebé .

4º ESO

1ª evaluación: Bécquer, *Leyendas y Rimas*, Vicens Vives.

2ª evaluación: César Mallorquí: *El círculo escarlata*, ed. Edebé

3ª evaluación: Fernando Fernán-Gómez: *Las bicicletas son para el verano* (Vicens Vives)

1º BAC

1ª evaluación: Fernando de Rojas, *La Celestina*, Vicens Vives, clásicos adaptados

2ª evaluación: Miguel de Cervantes (adapt. Eduardo Alonso) . *Don Quijote de la Mancha*, Vicens Vives, clásicos adaptados, (lese a 1ª parte)

3ª evaluación: Benito Pérez Galdós, *Marianela*, Vicens Vives, clásicos hispánicos.

2º BAC:

1ª evaluación:

Federico García Lorca. *Romancero gitano* (Cátedra ou Vicens vives, clásicos hispánicos)

Gabriel García Márquez: *Crónica de una muerte anunciada* (ed. Debolsillo)

2ª evaluación:

Almudena Grandes: *El lector de Julio Verne* (ed. Tusquets)

Antonio Buero Vallejo: *La fundación* (ed. Austral)

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

A primeira actividade a realizar será a comprensión dos textos referidos as actividades realizadas na aula e no laboratorio: problemas, prácticas....Farase unha lectura en voz alta para que todo o alumnado interveña na mesma e comprobaremos que entenden a linguaxe empregada na redacción de ditas actividades.

Propoñemos a lectura de libros de divulgación científica e novelas científicas:

TÍTULO	AUTOR	NIVEL
Momentos estelares de la ciencia	Isaac Asimov	3º ESO
La Tortilla Quemada	Claudi Mans	Todos
Los secretos de las etiquetas	Claudi Mans	Todos
Historia de la enerxía nuclear	Isaac Asimov	Todos
La clave secreta del Universo	Lucy & Stephen Hawking	Todos
El Alquimista Impaciente	Lorenzo Silva	4º ESO
Estado de Miedo	Michel Crichton	4º ESO
La Medida	Ken Alder	4º ESO/1º BAC/2º BAC
La Investigación del Átomo	George Gamow	4º ESO/1º BAC/2º BAC
En busca del gato de Schrödinger	John Grobbin	1º BAC/2º BAC
¿Qué es la teoría de la relatividad?	Landau Rumer	1º BAC/2º BAC
El mundo cuántico	Stéphne Deligeorges	1º BAC/2º BAC
Cómo mojar una galleta	Len Fisher	1º BAC/2º BAC
Ángeles y demonios	Dan Brown	1º BAC/2º BAC

Recomendamos o manexo da páxinas web de Física e Química que lle axudarán na elaboración de traballos e actividades complementarias.

<http://ciencianet.com>

<http://www.experimentar.gov.ar/>

<http://www.juntadeandalucia.es/>

<http://edu.aytolacoruna.es>

<http://centros5.pntic.mec.es>

<http://www.uv.es/jaguilar>

<http://www.roble.pntic.mec.es>

◦ O longo do curso e a lo menos unha vez por avaliación, os alumnos da ESO deben realizar un traballo bibliográfico. Este traballo será presentado ós alumnos e daranse unhas directrices por exemplo:

- Farase un esquema dos puntos a tratar.
 - O traballo será manuscrito.
 - Indicar que é conveniente facer un esquema personalizado
 - Poden solicitar orientación do docente no proceso de elaboración.
 - Deben consultar material bibliográfico impreso e da mediateca (internet e outros recursos informáticos)
 - Deben facer constar as fontes de información como un apartado do traballo, e aconsellable a lo menos tres.
 - Este traballo vai a ser presentado na aula, logo deben preparar unha exposición ou resume.
- Proporase os alumnas/os a lectura de un mesmo libro ou artigo. Para compartir despois en común puntos de vista, e extraer as ideas fundamentais.

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

Cultura Clásica 4º:

Lectura da *Ilíada* e da *Odisea* en versións adaptadas

Lectura dramatizada na aula dunha obra de PLAUTO

Breve selección das *Metamorfose* de OVIDIO

Lectura dalgúns pasaxes da *Eneida* en versión adaptada

Lectura dalgunha fábula de FEDRO

Lectura dunha crestomatía da poesía latina

Latín 4º

Lectura de diversos mitos das *Metamorfose* de OVIDIO

Lectura “dramatizada” dunha versión adaptada da *Eneida* e lectura do Canto IV

Latín 1º Bach.

Lectura, en clase e na casa, de versións adaptadas da *Eneida* de VIRXILIO dos cantos

I,IV,VI

Selección das *Metamorfose* de OVIDIO

Lectura dos valiosos cómics de *Astérix e Obélix*.

Dramatización dunha adaptación dunha obra de PLAUTO

Latín 2º Bach

- LECTURAS de: “Apolo e Dafne”; “Píramo e Tisbe”; “Orfeo e Eurídice” (épica)

Selecta de poemas de Catulo (lírica)

“A traxedia de Lucrecia” (historiografía)

“Discurso de Calgaco e Agricola” (oratoria)

“Anfitrión” (comedia)

Grego 1º

Lectura, en clase e na casa, de versións adaptadas da *Ilíada* e a *Odisea*.

Dramatización na aula de *Antígona* ou de *Edipo*.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

O departamento de relixión ten previsto adicar momentos de lectura así como recomendar libros de lectura aos alumnos.

Desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Nesta programación préstase especial atención ao estudo da Biblia como libro relixioso e tamén como referente na nosa cultura occidental.

Este departamento colabora activamente na dinamización da Biblioteca. Desde as clases de relixión participase en convocatorias e concursos convocados pola Biblioteca. Participamos nas recomendacións da compra de libros para o seu fondo.

DEPARTAMENTO de BIOLOXÍA e XEOLOXÍA

A primeira actividade a realizar será a comprensión dos textos referidos as actividades realizadas na aula e no laboratorio: problemas, prácticas... Farase unha lectura en voz alta para que todo o alumnado interveña na mesma e comprobaremos que entenden a linguaxe empregada na redacción de ditas actividades, en caso contrario será explicado o contido da lectura.

Por mor da gran cantidade de contidos que inclúen as materias impartidas por este departamento e o número insuficiente de sesións anuais nas aulas para cada nivel é practicamente imposible adicarlle tempo na aula á lectura de libros pero recomendamos ao alumnado a lectura dos seguintes como complemento da programación deste departamento nos correspondentes niveis. A nosa proposta de lectura de libros de divulgación científica, ensaios e novelas científicas é a seguinte:

Viaje alucinante. Isaac Asimov. 3º ESO

Darwin (guía para jóvenes). Gill Hands. 4º ESO

Mendel (Colección vidas geniales de la ciencia). Luca Novelli. 4º ESO

La tierra herida. Miguel Delibes y Miguel Delibes de Castro. 1º - 2º Bach.

Genética para todos . Steve Jones – Borin Van Loon. 1º Bach.

El futuro de la vida. Edward O. Wilson. 2º Bach.

20.000 leguas de viaje submarino. Julio Verne. 1º ESO

Viaje al centro de La Tierra. Julio Verne. 2º ESO

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

O Departamento colaborará coas lecturas en dúas vertentes:

Lectura de textos de carácter histórico, literario, científico e filosófico que incidan no programa das diferentes materias que imparte o departamento. Realizará visitas cos alumnos á biblioteca do centro, co fin de que coñezan e aprendan a utilizar os materiais dos que dispón.

Tamén ofrece a posibilidade de participar en distintos clubs de lectura filosóficos.

ABBOT, EDWIN A., O mundo plano, Porto, Porto Editora, 2016

ARISTÓTELES, Ética a Nicómaco, Madrid, Instituto de Estudios Políticos y Constitucionales, 2014

ARISTÓTELES, Física, Madrid, Gredos, 1995

ARISTÓTELES, Metafísica, Madrid, Gredos, 1994

ARISTÓTELES, Política, Madrid, Instituto de Estudios Políticos y Constitucionales, 1970

BUDE, HEINZ, La sociedad del miedo, Barcelona, Herder, 2017

DE AQUINO, TOMÁS, Suma contra los gentiles, Madrid, BAC, 1967

DE HIPONA, AGUSTÍN, Obras de San Agustín, tomo VII, Madrid, BAC, 1950

DE MIGUEL, ANA, Ética para Celia, Barcelona, Ediciones b, 2021

DESCARTES, RENÉ, Discurso del método. Meditaciones metafísicas, Madrid, Espasa-Calpe, 1976

DESCARTES, RENÉ, Reglas para la dirección del Espíritu, Madrid, Alianza Editorial, 1984

DROIT, ROGER-POL, La filosofía explicada a mi hija, Barcelona, Paidós, 2018

GROS, FRÉDÉRIC, Andar: una filosofía, Madrid, Taurus, 2014

HAN, BYUNG-CHUL, La sociedad de la transparencia, Madrid, Herder, 2013

HIGHSMITH, PATRICIA; Suspense, Madrid, Circulo de tiza. 2015

HUME, DAVID, Investigación sobre el conocimiento humano, Madrid, Biblioteca Nueva, 2002

HUME, DAVID, Tratado sobre la naturaleza humana, Madrid, Editora Nacional, 1977

KANT, IMMANUEL, Crítica de la razón pura, Madrid, Alfaguara, 1978

KANT, IMMANUEL, Filosofía de la historia, México, FCE, 1981
 KANT, IMMANUEL, Fundamentación de la metafísica de las costumbres, Madrid, Espasa-Calpe, 1980
 KANT, IMMANUEL, Prolegómenos a toda metafísica del porvenir que haya de poder presentarse como una ciencia, Buenos Aires, Aguilar, 1971
 KANT, INMANUEL, Crítica de la razón práctica, Madrid, Espasa-Calpe, 1975
 LOCKE, JOHN, Ensayo sobre el gobierno civil, Barcelona, Orbis, 1983
 MARCO AURELIO, Meditaciones, Madrid, Temas de Hoy, 1995
 MARX, KARL, Contribución a la crítica de la economía política, México, Siglo XXI, 1986
 MARX, KARL, El capital, México, FCE, 1991
 MARX, KARL, Manuscritos económico-filosóficos de 1844, Madrid, Alianza Editorial, 1968
 MARX, KARL, Marx. Antología, Barcelona, Península, 2002
 NIETZSCHE, FRIEDRICH, El crepúsculo de los dioses, Madrid, Alianza Editorial, 1973
 NIETZSCHE, FRIEDRICH, Fragmentos póstumos IV, Madrid, Tecnos, 2006
 NIETZSCHE, FRIEDRICH, La ciencia jovial ("La gaya scienza"), Barcelona, RBA, 2014
 ORTEGA Y GASSET, JOSÉ, ¿Qué es la filosofía?, en Obras completas, vol. VII, Madrid, Revista de Occidente, 1966-1969
 ORTEGA Y GASSET, JOSÉ, El tema de nuestro tiempo, en Obras completas, vol. III, Madrid, Revista de Occidente, 1966-1969
 PLATÓN, Diálogos II, Gorgias, Menéxeno, Eutidemo, Menón, Crátilo, Madrid, Gredos, 1983
 PLATÓN, Diálogos III, Fedón, Banquete, Fedro, Madrid, Gredos, 1986
 PLATÓN, República, Madrid, Gredos, 1986

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

É fundamental que os nosos alumnos lean correctamente para que cheguen a unha completa comprensión dos enunciados de cada problema que se lles formule, e así poder chegar a unha resolución correcta do mesmo.

As propostas do Departamento de Matemáticas son:

- Temos unha colección de libros de lectura con diferentes niveis, para a biblioteca , a fin de que poidan comprender que coas matemáticas poden pasar un bo rato coa lectura de calquera deles.
- Cando se trate de facer un determinado problema, debemos facilitar ao alumno a lectura do mesmo o numero de veces que precise ata ter a seguridade de que sabe exactamente os datos que lle da e os datos que lle pide ese problema.
- Estar sempre prestos aclarar calquera dubida que xurda na lectura e na interpretación que o alumno fai dos exercicios e problemas que se lle presenten.
- Tamén, de cando en vez, o alumno debe facer a lectura dalgún tema teórico a fin de que, o profesor observe como o interpreta e lle axude nas apreciacións incompletas ou incorrectas que poida ter na lectura do mesmo.
- Se e preciso, o alumnado pode ir confeccionando en cada tema un vocabulario coas definicións que aparezan no mesmo.

Presentamos os libros de lectura que recomendamos ao noso alumnado para os distintos niveis. Poden pasar un bo rato coa lectura de calquera deles. No caso de que o normal desenrolo das programacións o permitisen, poderíanse poñer de lectura obrigatoria tendo entón que facer cada alumno/a unha ficha do libro lido ao finalizar a lectura do mesmo.

Propoñemos posibles libros que se poderían adquirir para a biblioteca do centro a fin de fomentar este tipo de lecturas entre o noso alumnado.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

A asignatura de Lingua e Literatura Galega, polas súas características intrínsecas, está

vinculada permanentemente á lectura, con todo, e en cumprimento do Plan Lector, establécense as seguintes actividades:

1. Lectura, como mínimo, dun libro obrigatorio por trimestre en todos os niveis educativos.
2. Lectura voluntaria, que se premiará, doutras obras da nosa literatura que se recomendarán aos alumnos en función das súas capacidades e idade.
3. Lectura comprensiva diaria de textos literarios, expositivos, argumentativos, didácticos e teóricos relacionados coa lingua e a literatura galegas, así como de textos de ficción pertencentes a todos os xéneros literarios.
4. Comentario de textos literarios, segundo o nivel do alumnado, sinalando os aspectos relevantes das obras poéticas, narrativas, dramáticas ou ensaísticas.
5. Lectura comprensiva e crítica de novas de xornais que se levarán á aula con asiduidade.
6. Utilización do dicionario para solventar dúbidas e adquirir léxico novo.
7. Colaboración nas actividades programadas pola biblioteca do centro arredor de efemérides literarias, certames ou concursos así como fornecemento do blog con reseñas, vídeos e recomendación literarias realizadas polo propio alumnado.
8. Promoción e divulgación entre o alumnado da necesaria aportación dos libros formativos como canle de coñecemento e aprendizaxe e recoñecemento da lectura didáctica, artística e científica.

1 ESO

Volverás Golfiño. Andrea Maceiras.

Cando petan na porta pola noite. Xabier P. Docampo

O achado do castro. Manuel Núñez Singala.

2 ESO

1ª avaliación:

A caixiña dos rancores. Héctor Cajaraville.

Que me pare o corazón se te esquezo. Andrea Maceiras.

Atraco nun banco de Núñez Singala de Galaxia.

3 ESO

Cartas de inverno. Agustín Fernández Paz

Os vellos non deben de namorarse. Castelao

Poetízate. Fran Alonso

4 ESO

Os vellos non deben de namorarse. Castelao.

A esmorga. Eduardo Blanco Amor. Editorial Galaxia

Aura 1964. Ignacio Villar

1º BACHARELATO

1ª AV.:

Salitre, Jaureguizar. Ed. Xerais

2ª AV.:

Campus morte, Lito Vila, Edit. Galaxia

3ª AV.:

Limpeza de sangue, Rubén Ruibal. Ed. Xerais

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Con carácter xeral, a finalidade do Departamento de Orientación será colaborar co profesorado dos distintos Departamentos Didácticos e co Equipo de Dinamización da Biblioteca nas actividades que propoñan para contribuir ao desenvolvemento da competencia lingüística, para prever as dificultades de aprendizaxe asociadas a unha mala adquisición do proceso lector, para desenvolver o gusto pola lectura e o hábito lector así como nas actividades de

dinamización que se realizan dende a Biblioteca.

Asemade contemplamos outras actuacións que quedarán resumidas a continuación:

En relación ao alumnado:

Obxectivo:

- Fomentar o gusto pola lectura e o desenvolvemento do hábito lector.

Actuacións:

- Facilitar programas específicos de mellora da eficacia lectora para alumnado que o precise.
- Actualización no blog do Departamento da etiqueta "MIS LECTURAS".
- Difundir a lectura da revista de orientación "Entre Estudiantes" así como outras relacionadas coas actividades do noso departamento que poidan ser de interese e motivantes.
- Actualizar banco de libros relacionados con problemáticas específicas que afectan ao alumnado, bibliografía para o desenvolvemento de aptitudes, para a autoaxuda, relacionados con valores, etc. para que poidan estar no servizo de préstamo da Biblioteca.

En relación ás familias:

Obxectivo:

Fomentar a utilización da lectura como canle para profundizar nos aspectos relacionados coa educación dos fillos/as.

Actuacións:

- Actualizar o banco de libros de asesoramento para familias e facilitar o préstamo.
- Realizar recomendacións de lecturas sobre diversas temáticas relacionadas coa educación dos fillos/as a través do blog do departamento.

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

MATERIA	CURSO	LECTURAS
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	4º ESO	Cada unidade didáctica terá unha lectura relacionada da revista mensual Emprendedores .
Economía	4º ESO	Durante o curso se lerán extractos de diversos libros relacionados coa materia, en particular dos seguintes: Portarse Mal. El Comportamiento Irracional en la Vida Económica (Ed. Paidós) Richard Thaler, Buena economía para tiempos difíciles , (Ed. Taurus) A. Banerjee y E. Duflo.
Economía	1º Bach	Durante o curso se lerán, ademais de artigos e extractos de diversos libros relacionados coa materia, os seguintes libros: Un Pequeño empujón (Ed. Taurus) Cass R. Sunstein, Richard Thaler, Buena economía para tiempos difíciles , (Ed. Taurus) A. Banerjee y E. Duflo.
Economía da empresa	2º Bach	Lecturas da revista mensual Emprendedores . Para o tema 8 o libro proposto é No logo. El poder de las marcas (Naomi Klein, 2005).
Fundamentos de administración e xestión	2º Bach	Lecturas da revista mensual Emprendedores e artigos de revistas e webs especializadas, como por exemplo www.bloomberg.com , www.ft.com

DEPARTAMENTO DE ED. PLÁSTICA E VISUAL

ESO. EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

Dentro da materia de Plástica faranse na biblioteca labores de investigación e de elaboración de información por medio da consulta de libros específicos da materia ou de enciclopedias xerais. As profesoras facilitarán ó acceso do alumnado a artigos e reportaxes xornalísticas, relacionados co mundo da cultura artística en calquera das súas manifestacións (cine, pintura, escultura, arquitectura, etc.) e intentarán que fagan deles unha lectura crítica e valorada. Conseguirase desta forma unha aproximación da materia de Plástica á actualidade e creárase nos alumnos a necesidade ou a querenza de manterse informados mediante a lectura.

Os obxectivos que se pretenden acadar son :

- Coñecer a orde e clasificación do fondo da biblioteca, para familiarizarse coa súa ordenación e facilitar ás prácticas posteriores, mediante a visita guiada ó recinto.
- Aprender a buscar información sobre arte e comunicación visual no fondo da biblioteca.
- Espertar no alumno a curiosidade polo mundo da arte, e o espírito crítico fronte as súas manifestacións.

O alumnado da materia de Plástica deberá ler polo menos un relato ou novela durante cada un dos cursos, adaptados á súa idade e momento de desenvolvemento e procurase que teña relación directa co mundo da arte. Dependendo da proposta de libros de lectura que se faga desde as materias de linguas e historia, ese libro poderá coincidir en ámbalas dúas materias. Tras a lectura o alumnado deberá realizar algunha actividade sobre el e, no seu caso, tamén unha proba obxectiva sobre o libro de lectura que contará na avaliación coma unha práctica máis.

As obras previstas inicialmente, pero que poderán ser revisadas e cambiadas ao longo do curso para adaptalas ao traballo do alumnado nas materias de linguas, son

1ESO

Cando petan á porta pola noite de Xabier Docampo ou ***Volverás golfiño de Andrea Maceiras*** previsto a elaboración dun cómic ou unha fotonovela a partir dalgún deses libro.

3ESO

Cartas de inverno de Agustín Fernández Paz. Proporase a tradución dun capítulo dese libro á linguaxe dos cómics, ou no seu caso a ilustración dalgunha escena, ou o deseño dunha cuberta para esa mesma novela.

El misterio Velázquez, de Eliacer Cansino será outra das lecturas posibles en castelán.

4ESO

Un libro do autor homenaxeado o Día das Letras deste ano ou dos que sexan de obrigada lectura dentro do departamento de galego ou castelán, como ***La joven de la perla de Tracy Chevalier***, ou ***Os vellos non deben de namorarse de Castelao***, ou outros a decidir conxuntamente co profesorado desas materias, será obxecto do deseño dunha nova portada ou a ilustración dalgún capítulo polos alumnos de 4ESO.

DEBUXO TÉCNICO. BACHARELATO

Dentro da materia de Debuxo Técnico faranse na biblioteca labores de investigación e de elaboración de información por medio da consulta de libros específicos da materia ou de enciclopedias xerais. A profesora facilitarán ó acceso do alumnado a artigos e reportaxes xornalísticas que teñan relación coa materia ou que consten de debuxos e gráficos que poidan ser exemplos prácticos de Debuxo Técnico

Non se prevé ningún libro de lectura obrigatoria en Debuxo Técnico de Bacharelato, aínda que se promoverá a lectura ou consulta de artigos periodísticos ou ensaios que teñan que ver coa materia. Proporase a consulta de libros de xeometría clásica como os tratados sobre arquitectura de Alberti ou o de Vignola. Recomendarase a lectura do manual “Geometría para niñas” de principios do século XX, para analizar o sesgo de xénero do mesmo.

DEBUXO ARTÍSTICO. BACHARELATO

Dentro da materia de Debuxo Artístico faranse na biblioteca labores de investigación e de elaboración de información por medio da consulta de libros específicos da materia ou de enciclopedias xerais. A profesora facilitará ó acceso do alumnado a artigos e reportaxes xornalísticas, relacionados co mundo da cultura artística en calquera das súas manifestacións (cine, pintura, escultura, arquitectura, etc.) e intentará que fagan deles unha lectura crítica e valorada. Desta forma conseguirase unha aproximación da materia de Debuxo Artístico á actualidade e crearase no alumnado a necesidade ou a querenza de manterse informados mediante a lectura.

O obxectivo que se pretende acadar é o de espertar no alumnado a curiosidade polo mundo da arte, e a creación dun criterio persoal e crítico fronte as súas manifestacións.

O alumnado da materia de Debuxo Artístico deberá ler polo menos unha novela durante o curso, da que se proporá un traballo plástico (cartel, portada, ilustración...) co obxectivo de que aprendan a relacionar e enriquecer as dúas clases de linguaxe, a verbal e a plástica. Procurarase que a elección sexa coordinada coas materias de Lingua Galega ou Castelá e mesmo de Historia.

No curso 22-23 proporase a lectura do libro de ensaio sobre arte *Emocionarte* de Carlos del Amor. Esa lectura dará pé xunto coa profesora de Lingua e Literatura en galego ou castelán a unha actividade conxunta entre arte e literatura para traballar a conexión entre a linguaxe verbal e a plástica.

PROXECTO LECTOR DE CENTRO
I.E.S. MIRAFLORES
OLEIROS (A CORUÑA)



(Revisado setembro 2020)

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.-

DOG do 13 de xullo do 2007

Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares
para a Lectura, a Información, e a Aprendizaxe

O P.E.C. E O PROXECTO LECTOR

A NOSA CONSIDERACIÓN DA LECTURA

1.- OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR

2.- CAMPOS DE INTERVENCIÓN E ESTRATEXIAS

2.1.- DESENVOLVEMENTO E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA DO
CENTRO

2.2.- ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA E Á ESCRITURA

2.3.- PROCURA DE TEMPO DE LECTURA LIBRE NA CLASE E DE
AMBIENTES DE LECTURA NO CENTRO

2.4.- PROMOCIÓN E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES LECTORAS
NAS PROGRAMACIÓN DOS DEPARTAMENTOS.

2.5.- PROMOCIÓN DA LECTURA NA CASA

3.- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA SITUACIÓN LECTORA E DA
ESCRITURA NO CENTRO

4.- PLANS ANUAIS DE LECTURA

5.- O GRUPO LECTOR DO CENTRO

INTRODUCCIÓN. -

DOG do 13 de xullo do 2007

Anexo V.

Proxecto Lector do Centro.

Os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- * A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- * A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- * A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- * O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- * O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

Fundamentos.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

O Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares

https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/PlanLIA_16_20_V6.pdf

É a folia de ruta da que se dotou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para continuar o seu traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura. Lectura, Información e Aprendizaxe son os ámbitos de actuación da biblioteca escolar e dan nome a un plan de actuación estruturado en:

Obxectivos xerais do Plan LÍA de bibliotecas escolares

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Conseguir melloras significativas na "comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica" en toda a poboación escolar galega.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Facilitar ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integracións das tecnoloxías emerxentes.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, de forma que aproveiten os espazos, recursos e servizos para a vivencia dos valores de cidadanía e para a construción do coñecemento individual e compartido.
- Alfabetización múltiple. Consello de Europa (2012)
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade entre os distintos sectores da comunidade educativa.

Unha ducia de desafíos, ou retos que cómpre abordar

1 Rede de bibliotecas escolares Acadar a renovación das bibliotecas escolares no 100% dos centros da rede galega de centros non universitarios.

- 2 A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes Reforzar o concepto de biblioteca escolar como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar.
- 3 A biblioteca inclusiva Pensar a biblioteca escolar como biblioteca inclusiva para unha mellor atención da diversidade.
- 4 As alfabetizacións múltiples Contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital.
- 5 As competencias ALFIN/AMI Diseñar e desenvolver programas para a mellora da competencia informacional e mediática (ALFIN/AMI3) do alumnado galego.
- 6 A formación do profesorado Buscar aliados para un mellor aproveitamento das oportunidades que ofrece a biblioteca escolar, entre o profesorado e outros axentes con influencia no sistema educativo, a través da formación e a difusión de boas prácticas.
- 7 Estabilidade para as bibliotecas escolares Asegurar a presenza estable das bibliotecas escolares nos centros educativos do sistema escolar galego mediante normativa específica e atención aos recursos humanos, entre outras medidas.
- 8 Redes de colaboración Establecer e reforzar redes de colaboración con bibliotecas públicas e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora.
- 9 As familias Ampliar as iniciativas destinadas á implicación das familias na formación lectora dos máis novos.
- 10 Máis e mellores experiencias lectoras Facilitar oportunidades aos distintos sectores da comunidade escolar de descubrir e ampliar a experiencia lectora, e deseñar programas específicos para colectivos que dificilmente se vinculan á lectura.
- 11 Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías activas Propiciar o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás, con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas.

12 Avaliación, estudo, investigación Reforzar a avaliación do funcionamento da Rede de bibliotecas escolares e impulsar estudos e investigacións sobre o impacto nas aprendizaxes.

O P.E.C. E O PROXECTO LECTOR

Concibimos este Proxecto Lector como un documento integrado no noso Proxecto Educativo de Centro.

Os departamentos prestarán nos deseños curriculares de área, e especialmente na práctica docente, unha especial atención ao desenvolvemento das capacidades lingüísticas na realización de actividades que promovan a capacidade de comprensión lectora, de xerarquización de ideas, de elaboración de resumos, e realización de esquemas e mapas conceptuais, para que os alumnos/as consigan aumentar o seu vocabulario, coidar a súa ortografía e expresión escrita, adquirir o hábito da lectura e utilizar habitualmente a biblioteca do instituto como elemento clave no seu proceso de aprendizaxe.

Dentro deste marco, os departamentos didácticos, a dirección, a persoa responsable da biblioteca e outros estamentos do centro deben deseñar e levar a cabo actuacións para o desenvolvemento das capacidades arriba indicadas.

Concibimos, daquela, o proxecto lector coa vontade de servir de referente e de apoiar todas estas actuacións, de deseñar no futuro outras novas co obxectivo de potenciar as capacidades lecto-escritoras dos nosos alumnos e de estender o traballo da competencia lingüística ás áreas e materias impartidas por outros departamentos.

A NOSA CONSIDERACIÓN DA LECTURA

O obxectivo fundamental de todo Proxecto Lector é o da creación de lectores competentes, entendendo como lectores competentes aqueles que aplican na

lectura os seus coñecementos previos, que dirixen autonomamente o seu proceso lector, que distinguen o fundamental do accesorio, que realizan inferencias e se preguntan sobre o lido, e que, finalmente, son quen de resumilo.

A este respecto o proxecto PISA sinala os seguintes aspectos da lectura que deben ser considerados á hora de desenvolver a competencia lectora:

"- *Comprender globalmente: Consideración do texto como un todo. Capacidade de identificar a idea principal ou xeral dun texto.*"

"- *Obter información: Atención as partes dun texto, a fragmentos independentes de información. Capacidade para localizar e extraer unha información nun texto.*"

"- *Elaborar unha interpretación: Atención ás partes dun texto, á comprensión das relacións. Capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir da información escrita.*"

"- *Reflexionar sobre o contido dun texto: Utilización do coñecemento exterior. Capacidade para relacionar o contido dun texto co coñecemento e as experiencias previas.*"

"- *Reflexionar sobre a estrutura dun texto: Utilización do coñecemento exterior. Capacidade de relacionar a forma dun texto coa súa utilidade e coa actitude e intención do autor.*"

Mais tamén engadiremos que tanto neste proxecto lector como nos Plans Anuais de Lectura que del derivan, consideraremos sempre a lectura e a escritura na súa tripla vertente:

- Como fonte de pracer.
- Como instrumento fundamental de aprendizaxe.
- Como recurso para o desenvolvemento persoal.

1.- OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR

Daquela, tendo en conta o marco que definimos na Introducción, concretamos o noso proxecto lector nos seguintes obxectivos:

- 1). Incrementar a competencia lingüística nas dúas linguas de uso.
- 2). Reforzar as destrezas básicas de lecto-escritura.
- 3). Crear e consolidar hábitos lectores nos alumnos.
- 4). Procurar tempos e espazos para a lectura e a escritura como fontes de pracer.
- 5). Dinamizar a Biblioteca.
- 6). Mellorar os índices lectores dos alumnos.
- 7). Garantir un tempo de lectura en todos os cursos ou ciclos de Secundaria en consonancia co artigo 3º do Decreto 133/20 do Currículo de Secundaria.
- 8). Modificar a práctica docente dentro da aula no campo dos contidos e das metodoloxías e nos deseños das programacións de *Áreas e Materias*.
- 9). Incorporar a lectura como un método de formación integral do alumno: educación en valores, interese por outras culturas e civilizacións, reflexión sobre problemáticas do aquí e o agora.
- 10). Mellorar a rendibilidade dos tempos non lectivos e o tempo de lecer.
- 11). Promover ou incrementar o tempo de lectura na casa.
- 12). Coordinar as actividades relacionados co ámbito lector que se desenvolvan no centro.
- 13). Facilitar a difusión e o coñecemento do propio proxecto lector.
- 14). Sensibilizar as familias na importancia que ten o hábito lector na educación do seu fillo.
- 15). Facilitar que o profesorado participe voluntariamente na animación á lectura.
- 16). Integrar as TICs nos procesos de lectura-escritura e de busca de información.

2.- CAMPOS DE INTERVENCIÓN E ESTRATEXIAS

Nos distintos Plans Anuais de Lectura procurarase a consecución dos obxectivos arriba indicados coa intervención nos seguintes campos:

- 2.1.- Desenvolvemento e dinamización da biblioteca do Centro.
- 2.2.- Organización de actividades de animación á lectura e á escritura.
- 2.3.- Procura de tempo de lectura no Centro e na clase e apertura de novos ambientes de lectura no Centro.
- 2.4.- Promoción e coordinación de actividades lectoras nas programacións dos departamentos(Programas lectores das materias).
- 2.5.- Promoción da lectura na casa.

2.1.- DESENVOLVEMENTO E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA DO CENTRO

No desenvolvemento dos obxectivos antes expostos a biblioteca debe xogar un papel clave á hora de coordinar esforzos e facilitar recursos ao profesorado para a súa posta en práctica.

A biblioteca non pode ser una actividade pechada en si mesma porque perdería sentido. Soamente dunha colaboración crecente entre os departamentos e a biblioteca esta transformarase nun recurso útil para o noso alumnado e para os propios departamentos.

Para acadar este obxectivo é fundamental a formación dun equipo de biblioteca que poida contar con posibilidades de formación e horas de dedicación á mesma.

É moi importante una dotación material axeitada ás necesidades do espazo do que dispoñemos e tamén é moi importante o uso exclusivo da biblioteca como tal e non como aula auxiliar.

A biblioteca debe ser:

- O espazo de estudo e traballo.
- A biblioteca como centro de recursos. O obxectivo do Plan Lector é que as nosas bibliotecas vaian cubrindo cada vez mellor as necesidades de información dos nosos

alumnos polo que debe aumentar o fondo de materiais de consulta e os de novidades, debe abrirse cada vez máis a soportes audiovisuais e incorporar a información dispoñible na rede.

- A biblioteca como dinamizadora e animadora da lectura.

2.2.- ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA E Á ESCRITURA

Dinamización. Formación de usuarios.

1. Xornada de Acollida na biblioteca: Esta xornada pretende dar a coñecer o servizo da biblioteca e as posibilidades que esta ofrece. Pretendemos abarcar todos os sectores da Comunidade Escolar, polo que presenta tres aspectos:

a) Profesorado: Nun claustro ofrécese a todo o profesorado (especialmente aos novos) a posibilidade de acudir á biblioteca para coñecer o seu uso e as posibilidades que esta ofrece para a práctica docente. Tamén dar a coñecer a cada departamento quen será a súa persoa de contacto, embaixadora da biblioteca, membro do equipo de apoio.

b) Alumnado: Realizaranse sesións cos diferentes grupos en colaboración cos titores dos mesmos. Esta Xornada de Acollida na biblioteca consistirá en acudir a Biblioteca nunha hora de titoría e descubrir como está organizada e todo o que poden facer nela a través de actividades atractivas e lúdicas.

c) Pais e nais: Presentar as actividades que realizamos na biblioteca e ofrecerlles a oportunidade de se facer socios da mesma e a posibilidade de crear un Club de lectura de pais/nais/profesorado.

2. Actividades mensuais: Cada mes haberá un tema sobre o cal se expoñerán libros, películas... e se propondrá ao alumnado algunha actividade e agasallo no préstamo.

Outubro (día 22): Día internacional da Biblioteca Escolar.

Novembro (día 1): Samain. Literatura de medo.

Decembro (día 10): Día dos dereitos humanos.

Xaneiro (día 30): Día da Paz, aniversario da morte de Gandhi.

Febreiro (día 24): Día de Rosalía.

Marzo (día 8): Día internacional da Muller traballadora.

Abril (día 24): Día internacional do libro.

Maiο (día 17): Día das Letras Galegas.

Xuño (día 5): Día do medio ambiente.

3. Novidades: As novas adquisicións da biblioteca estarán expostas para que todo o que pase por ela teña a oportunidade de coñecerlas.

4. Actividades en colaboración con As Bibliotecas do Concello de Oleiros:

-En colaboración coa Biblioteca Central Rialeda e cos Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega.

5. Clubs de lectura: Grupos da ESO, irmanados co CLUB DE LECTURA do IES David Buján de Cambre.

6. Actividades en colaboración coa ANPA.

7. Conmemoracións, efemérides literarias no noso blog.

8. Actividades en colaboración da biblioteca con outros departamentos.

9. Práctica cotiá da vida pedagóxica do centro. Aínda que o equipo da biblioteca non ten horario de Gardas para atendela, sempre está a disposición do profesorado para acudir cos seus grupos a traballar nela coma centro de recursos.

2.3.- PROCURA DE TEMPO DE LECTURA LIBRE NA CLASE E DE AMBIENTES DE LECTURA NO CENTRO

As actuación neste campo pretendería a animación á lectura como fonte de pracer, e basearíase no noso esforzo por procurar tempos, espazos e ambientes para a lectura libre, na que os alumnos lerán libros elixidos por eles en función dos seus gustos e demandas persoais. Neste ámbito de intervención o noso obxectivo fundamental é acadar un tempo mínimo de lectura libre en todos os cursos da E.S.O.

Podería adicarse a sesión de gardas e tamén os tempos de vagar entre a exposición dun tema e o remate dunha sesión lectiva. Por outra banda podería dedicar as sesións de Atención Educativa á consecución e mellora da competencia lectora.

Por último, e unha vez definidos como espazos de lectura a Biblioteca e as Bibliotecas de Aula, pode establecerse un novo espazo no corredor da planta alta para unha lectura compartida ou comentada, é dicir máis informal ou menos silenciosa, que será dotada daqueles recursos bibliográficos menos académicos como son as revistas de divulgación.

2.4.- PROMOCIÓN E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES LECTORAS NAS PROGRAMACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS (PROGRAMAS LECTORES DAS MATERIAS)

Os obxectivos do traballo neste ámbito teñen máis que ver, obviamente, na consideración da lectura como instrumento básico de aprendizaxe que como fonte de pracer, e tentarán estender o traballo lector aos Departamentos de materias non lingüísticas con menor tradición de metodoloxías de traballo relacionadas coa comprensión lectora e a expresión escrita en tres liñas de acción:

- Na ensinanza de estratexias de competencia lingüística.
 - No fomento do hábito lector.
 - Nas actividades de educación documental (educación na información).
- As actuacións que contempla o proxecto lector neste campo serían:
- Difundir a metodoloxía dos traballos escritos, unha proposta será facilitada polo equipo de biblioteca.
- Que as Programacións Didácticas dos Departamento inclúan a realización dun traballo escrito, a ser posible en formato dixital.
- Neste punto atopamos unha confluencia do plan lector co plan TICS de xeito que se cobren dous obxectivos simultaneamente.

2.5.- PROMOCIÓN DA LECTURA NA CASA

A promoción da lectura na casa insistirá na concepción da lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal da que vimos de falar no apartado anterior. Este traballo precisa da colaboración das familias para que faciliten a lectura na casa, o que esixe un contacto do Centro cos pais o que se podería facer a través da titoría, das reunións regulamentarias que se realizan cos pais dos alumnos ao comezo do curso momento para o cal o equipo da biblioteca terá elaborado un tríptico de animación á lectura para os seus fillos así como da promoción da biblioteca de pais. O grupo lector tentará tamén enviar os boletíns de novidades ou suxestións e folletos correspondentes de libros aconsellados que o centro deseñe en datas sinaladas e organizar outras actividades de tipo lúdico coas que se pode implicar a familia.

3.- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA SITUACIÓN LECTORA E DA ESCRITURA NO CENTRO

3.1.- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA SITUACIÓN LECTORA DOS ALUMNOS E DOS SEUS PROGRESOS.

Os plans anuais de lectura tentarán coñecer e promover a reflexión sobre a situación dos alumnos do noso centro, nos seguintes aspectos.

- Situación dos alumnos cando se incorporan ao centro no campo da competencia lingüística.
- Progreso na competencia lecto-escritora dos alumnos.
- Índices de lectura dos alumnos.

O proxecto lector favorecerá o coñecemento e a análise destas situacións a través dos seguintes instrumentos básicos:

- As actividades de avaliación inicial realizadas polos departamentos lingüísticos e de Orientación que se realizan para os alumnos de nova incorporación ao centro.
- Os procesos de avaliación interna en 2º e en 4º de E.S.O. contemplados nas leis educativas.

- Outros que se deseñen os Planes Anuais de Lectura (Enquisas, etc.).

3.2.- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA SITUACIÓN LECTORA DO CENTRO.

Os plans anuais de lectura tentarán coñecer e promover a reflexión sobre a situación do noso centro, nos seguintes aspectos:

- Identificación de logros e dificultades na implantación do proxecto lector do centro.
- Análise dos tempos e os espazos lectores no centro.
- Análise dos recursos materiais do centro para o traballo da lecto-escritura.
- Dinamización da biblioteca.
- Reflexión sobre as metodoloxías empregadas en relación ao traballo lecto-escritor.
- Avaliación do proxecto lector.
- Avaliacións trimestrais e finais dos plans anuais de lectura.
- Grao de realización das actuacións contempladas no Plan Anual de Lectura.

O proxecto lector favorecerá o coñecemento e a análise destas situacións a través dos seguintes instrumentos básicos:

- Análise do programa lector das materias
- Outros que se deseñen nos plans anuais de lectura.

3.3.- AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR E DOS PLANS ANUAIS DE LECTURA

O grupo encargado do Plan lector deberá deseñar as estratexias e os instrumentos para avaliar os plans anuais de lectura. As avaliacións poderán realizarse ao remate de cada trimestre, e os seus resultados serán considerados na elaboración dos Planes Anuais de Lectura do seguinte curso.

Asemade a avaliación dos Planes Anuais servirán tamén para avaliar ao Proxecto lector do Centro na procura da mellora permanente deste documento. Queda establecido que a avaliación do Proxecto Lector abarca polo tanto, a análise da

consecución tanto do programado polo grupo lector do centro como polos departamentos didácticos.

4.- PLANS ANUAIS DE LECTURA

Cada ano o grupo de profesores encargados de levar adiante o Proxecto Lector deseñará un Plan Anual de Lectura que se incorporará ao Plan Anual do Centro. No Plan Anual de Lectura concretaranse os obxectivos, os ámbitos de intervención, as estratexias e, con temporalización trimestral, as actuacións concretas nestes ámbitos.

5.- O GRUPO LECTOR DO CENTRO

O grupo Lector está coordinado pola responsable da biblioteca e por un membro da dirección, está formado por un grupo de dez profesoras, con destino definitivo no IES Miraflores, leva adiante o proxecto de dinamización da Biblioteca. Estas profesoras pertencen a distintos departamentos e forman un equipo interdisciplinar

Responsable: *María García Maseda*

Equipo:

M^a Cruz Almendáriz García; departamento: Física e Química. Consello escolar.

M^a Concepción Castro Higeldo; departamento: Xeografía e Historia.

M^a Elena López Prada; departamento: Física e Química. Consello escolar.

Susana de Lorenzo González; departamento: Latín e Grego.

Beatriz Mantiñán Pérez; departamento: Economía. Secretaria do Centro.

M^a Rocío Rey Rodeiro; departamento: Tecnoloxía.

M^a Isabel Rodríguez Andreolotti; departamento: Lingua Castelá e Literatura.

Graciela Grande Veloso; departamento de Lingua Galega e EDNL. Consello escolar.

Carme Gasamans Chento; departamento de Lingua galega. Clubs de lectura. Consello escolar.

Mercedes López González; departamento de Lingua Castelá. Consello escolar.

Ana Sogo López; departamento de Plástica.

Rosa García Vilariño; compañeira xubilada de Lingua galega, que segue a colaborar con nos nas tarefas de manter o blog ao día, roteiros literarios...

O Centro, dentro da marxe que permita a lexislación e as necesidades dos Departamentos, deberá compensar nos seus horarios o tempo dedicado á participación no Grupo Lector.

As súas funcións:

- Compromiso na súa propia formación a través dos recursos que oferta a administración en materia de Bibliotecas escolares.
- Dinamización da Biblioteca Miraflores.
- Deseñar os Plans Anuais de Lectura e levalo a cabo.
- Realización das avaliacións trimestrais e finais sinaladas dos plans anuais de lectura.
- Avaliar o Proxecto Lector do Centro.
- Propoñer as modificacións que se consideren adecuadas ao Proxecto Lector do Centro.



PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

IES MIRAFLORES

CURSO 2022-23

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO
2022-23

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. COMPOSICIÓN DO EDLG.
 - 2.1. Representantes do profesorado.
 - 2.2. Representantes do alumnado.
 - 2.3. Representante do persoal non docente
 - 2.4. Coordinadora do EDLG.
3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO.
 - A) O contorno sociolingüístico do centro.
 - B) A situación do profesorado.
 - C) A situación do alumnado.
 - D) A situación lingüística do centro.
4. PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA :
 - 4.1 Presentación do proxecto **CAMIÑO ANDADO**
 - 4.1.1 Obxectivos do proxecto
 - 4.2 Obxectivos Xerais do Equipo de Dinamización.
 - 4.3 Actividades Propostas.
5. CONCLUSIÓNS.

1. INTRODUCCIÓN

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Miraflores volve a coller as rendas dun novo curso e aínda que botaremos man dalgunha actividade virtual, estamos ilusionados en incrementar as actividades presenciais que xa retomaremos progresivamente o curso pasado. A situación actual parece que nolo permite, así que traballaremos a prol da arelada normalidade que perderamos hai tres cursos.

No curso 22-23 centraremonos máis que nunca en recuperar todo o tempo perdido.

Seguiremos colaborando co equipo directivo e cos distintos departamentos asesorándoos a nivel lingüístico, na elaboración de documentos, avisos, toda a cartelería, propoñeremos actividades amenas e orixinais co fin de que favorezan a mellor resposta de toda a comunidade desde criterios de inclusión, equidade e respecto tamén pola lingua.

O alumnado, máis que nunca, debe seguir conectado co galego e farémolo con toda a perserverancia para que poidan volver vivir a nosa cultura e os nosos costumes como sempre o fixeron..

As actividades a desenvolver no presente curso escolar xirarán arredor do Proxecto “CAMIÑO ANDADO” evocando así á obra de Fernández del Riego, autor homenaxeado este curso no Día das Letras Galegas e que sintetiza o seu percorrido vital e cultural en galego e polo galego. Amosando en todo momento a súa fidelidade cara a lingua. Será xa que logo, unha homenaxe non só a el senón tamén ao galego.

O proxecto do E.D.L.G. levarase adiante en colaboración cos distintos Departamentos do Centro e cos Equipos da Biblioteca e Vicedirección, sen esquecer a importante aportación das familias, os Concellos de Oleiros e a Equipa de Normalización da Lingua Galega da comarca de A Coruña.

O presente curso, ademais do proxecto “CAMIÑO ANDADO”, como en anos anteriores, celebraremos o “Día de Rosalía” faremos actividades orientadas a dar a coñecer, aínda máis se cabe, a súa vida e obra desde un punto de vista lúdico, literario e musical. Participaremos na iniciativa da ASPG e elaboraremos un video manifesto a prol da escritora.

Para o Día das Letras galegas faremos actividades que versen sobre Francisco Fernández del Riego homenaxeado no ano 2023.

O Equipo de Dinamización Lingüística do IES Miraflores tratará de desenvolver unha serie de actividades co obxectivo de crear unhas condicións que aseguren a posta en marcha e o funcionamento da planificación lingüística educativa, coa finalidade de conseguir que o alumnado teña unha boa competencia nas dúas linguas oficiais, de xeito que ambas teñan unha vitalidade e un prestixio parello.

En liñas xerais, a estratexia a seguir dende a dinamización lingüística do IES Miraflores terá en conta que se deben consolidar actuacións que permitan darlle ao galego vitalidade entre a comunidade escolar. Estas actuacións terán un efecto beneficioso para os usos, as actitudes e o prestixio da lingua e intentaranse inculcar mediante un proceso voluntario, pois a imposición nunca é positiva. O obxectivo último é o de converter o galego nunha lingua de uso cotiá e normalizado.

2. COMPOSICIÓN DO EDLG.

2.1. Representantes do profesorado.

-Eva Valiño Bouzas

-Vanessa Leşa Rodríguez

-Beatriz Mantiñán Pérez

-José Emilio López

2.2. Representantes do alumnado.

-Félix López Sánchez

-Carla García Lista

-Bruno Araújo Tavares

-Alba Echeverri Paleo

2.3. Representante do persoal non docente

-Rosa M^a Sánchez Núñez

2.4. Coordinadora do EDLG.

-Graciela Grande Veloso

3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO.

3.1 O contorno sociolingüístico do centro.

No centro hai 555 alumnos/as. A meirande parte do noso alumnado vive no Concello de Oleiros, se ben é certo hai alumnado procedente dos concellos de Sada, Culleredo, Cambre, A Coruña...

A situación sociolingüística do centro é equiparable á dos restantes centros educativos do concello, aínda que sobresaen cada vez máis urbanizacións onde a lingua empregada maioritariamente é o castelán. Son familias cun nivel adquisitivo alto que non amosan preocupación ningunha pola aprendizaxe e o uso da lingua e descoñecen mesmo a súa cultura. Por outra parte, o alumnado procedente das familias orixinarias de Oleiros coñece e usa ocasionalmente o galego, pero non o emprega na vida cotiá. Posúe, polo tanto, un alto coñecemento pasivo do mesmo. Percíbese un proceso de abandono do galego que, a non moi longo prazo, vai incidir sobre o nivel de competencia real no uso da lingua. Este abandono é preocupante en contextos informais e alarmante nos contextos máis formais.

3.2 A situación do profesorado.

O equipo docente está conformado por un total de 50 profesionais dos cales unha porcentaxe moi pequena son galegofalantes na súa totalidade. Unha porcentaxe grande utilizan o galego nas materias onde o currículo o esixe pero no desenvolvemento doutro tipo de actividades no centro, utilizan como lingua vehicular o castelán. Fóra das aulas propiamente ditas, nos corredores, nos patios de recreo o una cafetería, o castelán vai avanzando terreo e cada ano constatamos que cada vez está máis presente nas conversas entre docentes ou co alumnado.

Un grupo reducido do profesorado, ademais de usar o galego nas comunicacións académicas utilízao nas ferramentas administrativas, nas tecnoloxías da información e nos recursos de lectura e consulta da biblioteca escolar.

3.3 A situación do alumnado.

O IES “Miraflores” ten este curso 555 alumnos/as, repartidos entre as ensinanzas de ESO e Bacharelato, procedentes do concello de Oleiros e doutros limítrofes. Podemos constatar que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá, o que conleva a falla de mantemento xeracional na lingua galega.

3.4 A situación lingüística do centro

O centro conta ademais con 4 persoas de persoal non docente: dous subalternos, un administrativo e unha coidadora, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e servizo de limpeza que empregan indistintamente galego e castelán.

A ANPA utiliza como lingua vehicular o castelán mais organiza actividades que axudan a dinamizar o uso da lingua propia de Galicia.

O galego está presente como lingua administrativa e na documentación e xestión do centro.

Partindo da nosa realidade lingüística, marcámonos un ano máis como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizalo en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén lúdico, formal e informal.

4. PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA

4.1. Presentación.

CAMIÑO ANDADO é a nosa aposta para dinamizar o galego, non sómentes no centro, senón tamén en toda a Comunidade Educativa.

Desta forma, os docentes e estudantes e nalgún caso as familias contarán coa posibilidade de asistir *in situ* a aquelas propostas que se realicen, no caso de que se dean as condicións, de forma presencial ou de seguilas de forma *online*.

A oferta abarca actividades en ámbitos como a música, visionado de películas, representacións teatrais que se complementarán con encontros con algúns dos membros das compañías. Tamén se inclúen propostas no ámbito das artes plásticas

e visuais; a cultura científica e medio ambiente; lingua e literatura galegas; tecnoloxía , saúde mental...

Participaremos en certames e concursos así como tamén colaboraremos de novo na aula STEAMBACH, que iniciou a súa andadura hai tres cursos...tentando que a defensa dalgún proxecto se realice en galego.

A Biblioteca do centro terá un papel importante no fomento da lectura en galego e ofrecerá unha importante selección de historias e contos animados coas lendas e a historia de Galicia como protagonistas.

Así mesmo, continuaremos coas charlas-coloquio con escritores ou persoeiros da cultura e das artes que este ano se impartirán de forma virtual e presencial e que teñen como obxectivo crear un marco para a reflexión sobre o labor dos mesmos.

Tentaremos traer a especialistas que falarán sobre novos estudos, tendencias,proxectos ou innovacións metodolóxicas para sentar as bases cara a un cambio real e necesario no ámbito académico, económico, social,tecnolóxico...

Xa que logo,ao longo do curso 2022 – 2023 O Equipo de Dinamización, o departamento de Lingua Galega así como os distintos Departamentos e cursos dos diferentes niveis van organizar unha serie de actividades e tarefas adaptadas ás características do alumnado e desenvolvidas nos trimestres que compoñen o calendario escolar.

Cada curso traballará aqueles aspectos que máis lle interesen e motiven ou ben nos que estea máis interesado.

4.1.1 Obxectivos do proxecto

- Utilizar o galego como lingua vehicular en todas e cada unha das actividades e tarefas do Proxecto.
- Promover iniciativas a favor da lingua.
- Poñer en coñecemento a vida e obra dalgún autor/a.
- Dar a coñecer a relevancia da figura de Francisco Fernández del Riego o Día das Letras Galegas 2023.
- Interese por expresar as propias ideas, sentimentos e fantasías mediante diferentes formas literarias.
- Fortalecer os vínculos entre persoas, culturas e linguas próximas.
- Recoñecer a valía do galego para dar a coñecer a literatura universal.
- Conxugar o emprego da lingua coa creatividade artística.

- Valorar os traballos creativos propios e alleos.
- Coñecer outros lugares cos que temos algún elo histórico, cultural ou lingüístico.
- Compartir experiencias con alumnado de diferentes centros.
- Fomentar o uso oral da lingua.
- Impulsar a creatividade musical.
- Vincular a lingua coa mocidade.
- Fomentar o gusto polo teatro e entendelo como unha manifestación cultural importante.
- Difundir os traballos realizados polos alumnos e alumnas nas aulas.
- Achegar os rapaces á expresión escrita por medio do formato de texto periodístico.
- Colaborar de forma activa co Concello de Oleiros en actividades que repercuten no noso alumnado.
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Fomentar o coñecemento xeral de Galicia e en particular da nosa comarca, dando a coñecer personaxes ilustres, artistas de diferentes disciplinas, festas tradicionais, as nosas parroquias, veciños, etc., tendo moi presente que canto maior é o noso coñecemento de nós mesmos, maior é o noso interese polo que nos é propio, polo que nos rodea e por coñecer outras culturas e outros pobos.
- Incorporar as novas tecnoloxías como plataforma útil de expresión en lingua galega.
- Actualizar o taboleiro do EDLG, con todas as novas referentes á nosa lingua
- Promover traballos para colgar no blog de temática galega *A nosa canteira* así como no da Biblioteca do IES Miraflores.
- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa o blog de Dinamización creado hai catro cursos.

4.2. Obxectivos do Equipo

O obxectivo xeral do Equipo dedúcese do Decreto 79/2010 e pódese sintetizar en potenciar o uso da lingua galega no centro educativo, así como asumir unha posición protagonista na análise da situación lingüística do centro e no deseño, na posta en marcha e na revisión dos programas de planificación lingüística efectiva, plasmada na Planificación Sociolingüística do Centro (PSC) e no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC).

Segundo isto, ao Equipo correspóndelle deseñar e desenvolver un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística orientadas á potenciación da lingua galega, así como unha planificación lingüística na que se contemple o uso que se fará das dúas linguas no ámbito escolar para acadar o obxectivo, marcado por lei (79/2010 só por referirmos unha), de conseguir que alumnado adquira unha boa e semellante competencia comunicativa nas dúas linguas, independentemente da súa lingua familiar ou habitual.

É competencia do Equipo de Dinamización da lingua galega propoñer actividades para fomentar o emprego do idioma por parte de toda a comunidade educativa, á súa valoración positiva e a mellora da competencia lingüística.

Xa que logo, os principais obxectivos serán os seguintes:

EMPREGAR A LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE EXPRESIÓN NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER OFICIAL, TANTO INTERNAS AO CENTRO COMO EXTERNAS

A comunicación do centro coas distintas administracións farase sempre en lingua galega.

A coordinación do labor docente entre todos os membros da comunidade educativa (Órganos de goberno colexiados, Órganos non colexiados, Órganos de coordinación docente.,Claustro, Consello escolar...)terá como código comunicativo o galego.

Os documentos oficiais, libros de rexistro, libros de actas, programacións didácticas,circulares, comunicación ás familias, Sixa, páxina web...Terán como lingua vehicular o galego.

AUMENTAR PROGRESIVAMENTE O USO DO IDIOMA GALEGO NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER NON OFICIAL, TANTO INTERNAS COMO EXTERNAS AO CENTRO

Para acadar dito obxectivo, tentarase realizar todos os actos (contacontos, festivais, obras de teatro, conmemoracións...) aos que ten acceso toda a comunidade educativa en lingua galega.

Toda a información trasladada ao profesorado e ás familias, oral ou escrita, farase empregando o idioma galego: notas informativas, convocatorias de reunións... Os

recursos empregados con este fin, tanto materiais como persoais serían: taboleiros informativos, comunicacións, correos electrónicos, blogs. e participarían tanto alumnado como profesorado e familias.

VALORACIÓN POSITIVA DO USO DO GALEGO POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Téntase incidir, por medio da información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

Para iso, fomentárase a adquisición da lectura e a escrita en galego, coa perspectiva de que se converta no idioma base da aprendizaxe escolar, estimúlase nas novas xeracións actitudes favorables cara a un uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizantes e inercias negativas e se deseñará unha campaña de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa

MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O que pretendemos é garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver o seu labor docente en galego. Para conseguir iso as medidas que levaremos a cabo consistirán, entre outras: Aregarlles ao profesorado un resumo das novidades máis salientables . Poñer ao alcance de todos e todas “As normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego”. Facer unha tradución correcta do material educativo, cando for necesario. Instalar ou supervisar o software xa instalado dos ordenadores do centro en galego, o corrector ortográfico e o tradutor enviado por Política Lingüística.

4.3. Actividades.

Coa finalidade de potenciar o uso do galego, o Equipo do IES Miraflores de Oleiros contempla a realización dunha serie de actividades:

- Concurso literario “ Descubrindo Oleiros” en Colaboración co Concello de Oleiros
- Elaboracións de cartaces, pegatinas, chapas en defensa do uso do galego.
- Concurso de decoración de aulas en Nadal.
- Charla presencial ou por videoconferencia con diferentes autores/as

- Entroido en galego.
- Exposición de máscaras de entroido.
- Celebremos o Día de Rosalía
- Elaboración de chapas e bolsas de tea con Lemas suxeridos polo alumnado parao Día Internacional da Muller o 8 de marzo.
- Versións de obras artísticas. Exposicións de versións de obras mestras da historia da pintura, con textos informativos en galego
- Campaña de fomento da lectura en galego en colaboración tamén coa Biblioteca do centro para conmemorar o Día do Libro
- Concurso de microrrelatos con temática pendente de concretar. Organizado pola ANPA.
- Ilustración dun Relato ou Poema. Neste caso o Departamento colaborador será o de Plástica.
- Exposición de cómics en galego.
- Tradución dun relato, poesía ou canción a diferentes linguas. Contamos coa colaboración do Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés
- Curso acelerado de iniciación ao portugués.
- Concurso de spots publicitarios para promover o uso da lingua galega.
- Tik-toks en galego
- Ciclo de cinema, Con esta actividade pretendemos familiarizar aos alumnos con distintos ámbitos da cultura da nosa lingua, asistindo así á proxección de diferentes películas en galego. Posibilidade de videoconferencia con algún directora/a, actor ou actriz galega...
- Ciclo de teatro. Asistencia a representacións teatrais de interese sociolingüístico ou literario no caso de que a situación sanitaria nolo permita ou Dobraxe de fragmentos de series ou películas ao galego ou mesmo de participar de figurantes en películas de produción galega.
- Festival de expresión oral: Recitado de poemas, exposición dunha lenda, conto popular, relato, monólogo, diálogo, representación teatral e/ou canción. A exposición debe ser feita de memoria e valorarase a dicción e posta en escena.

- Semana das Letras Galegas: Colaboración na homenaxe á figura destacada neste ano (Francisco Fernández del Riego) e exposición da vida e obra deste autor. Trataremos de profundar no coñecemento deste persoeiro e conectalo con outros autores/as da súa época.
- Concurso de receitas (postres) francés-galego. En colaboración co Departamento de francés.
- Concurso de marcapáxinas para agasallar no día das Letras Galegas
- Xincana das Letras Galegas.
- Elaboración de Kahoots en galego.
- Menús de comedor. Coma todos os anos, o alumnado da ESO seguirá traducindo ao galego os menús ofertados polo comedor.
- Participacións en roteiros culturais e literarios

Este proxecto é, xa que logo, aberto e polo tanto pode ser ampliado ou variado ao longo do curso, segundo a aspectos sanitarios ou recursos económicos, humanos e/ou outros factores, de difícil previsión, que poden incidir no desenvolvemento do programa. Cómpre sinalar que intentaremos participar nas actividades que organice e convoque a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Coordinadora do ENDL, o Concello de Oleiros (Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística, Normalización, rede de bibliotecas...) e calquera outra asociación.

*Coma en curso anteriores, en 2º BACH o claustro decidiu que non se realicen actividades extraescolares e complementarias ao ser un curso moi denso e debido á falta tempo para preparar ben as probas ABAU.

Mentres que algunhas actividades do proxecto desenvolveranse ao longo de todo o curso; a meirande parte delas, enmárcanse temporalmente nalgún trimestre en concreto, condicionado isto pola temática da actividade(Día de Rosalía, Entroido, Letras Galegas....)

Os diferentes concursos ou a participación nos certames, obras teatrais, visionado de películas, charlas coloquio, concertos de música en lingua galega; levaranse a cabo cando se oferten ao centro...ou determinen os organizadores.

5. CONCLUSIONES

O proxecto “CAMIÑO ANDADO ”, a celebración do Día das Letras Galegas e a conmemoración do “Día de Rosalía”, así como as demais actividades son fundamentalmente participativas xa sexa de xeito presencial, como, xa en menor medida, virtual....

Queremos concienciar a toda a Comunidade Educativa do importante que é coidar e respectar a nosa lingua.

Ademais pretendemos sumar ás familias do alumnado, as institucións do contorno e outros expertos que sen dúbida contribúen, e moito, ao desenvolvemento do noso proxecto, o cal é un instrumento aberto a todas e todos, en constante construción, cambio e superación.

Coordinar todo isto, esixe un esforzo a realizar entre o profesorado dos Departamentos, o Departamento de Orientación, o equipo da Biblioteca do centro, o Equipo Directivo e, como máximo responsable de todas as actividades, o EDLG do IES Miraflores, esforzo que realizaremos entre todas e todos con solidariedade e ilusión.

Oleiros, 15 de setembro de 2023

A coordinadora,

Co visto e prace do director

Asdo: Graciela Grande Veloso

Asdo: Óscar Iglesias Fernández

PROGRAMACIÓN BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2022 – 2023

1. Organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

Seguindo o camiño empezado hai dous cursos e para crear espazos seguros, o próximo curso seguiremos potenciando as nosas Canles de comunicación, información e difusión:

-O noso blog: <http://bibliotecaiesmiraflores.blogspot.com/>

-Facebook: <https://www.facebook.com/miraflores.oleiros.5>

-A nosa canteira: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/42>

-Anímate a lelo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/16>

-Club de lectura: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiraflores/?q=taxonomy/term/15>

Temos abertas varias canles de comunicación, información e difusión, nelas a comunidade educativa pode publicar as súas opinións sobre os diferentes fondos e actividades e tamén as súas creacións literarias, artísticas, banda deseñada...

Precisamos potenciar tamén outras seccións con carácter informativo, témolo pendente:

-Actualizar tamén o fondo virtual, a nosa guía de recursos dixitais, a presenza na web do centro, e a creación dunha nova Guía ALFIN de referencia para os nosos usuarios. Así como seguir mellorando a nosa colección de libros informativos para cumprir a proporción do 60% - 40% coa literatura e a ficción.

-Colgar na Aula Virtual do centro as actividades da biblioteca.

-Elaborar toda a documentación relativa á Biblioteca e ao Proxecto Lector, documentos presentes no PEC e no PAX.

-Catalogación de todos os fondos no Proxecto Meiga. Aínda que esta tarefa é moitas veces postergada por falta de tempo, dando prioridade a outras actividades dinamizadoras. Potenciar seccións de banda deseñada, novela gráfica, álbums ilustrados en edicións de calidade, conscientes da súa forza e o seu futuro como libros en papel.

-Formación continua do profesorado que dinamiza o grupo da biblioteca, aproveitando os cursos relacionados coa mesma e que ofrecen as administracións educativas. Participar en Xornadas, Encontros e Congresos...

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

-A través das nosas canles telemáticas e tamén de maneira física e presencial, damos a coñecer as informacións das nosas actividades ao longo de todo o ano.

-Os Clubs de lectura, veñen funcionando de xeito continuado en ESO, BAC e adultas.

-A presenza de autores no instituto que veñen falar (ou falan en videoconferencia) da súa obra en colaboración con diferentes departamentos didácticos ou o encontro cos autores noutros ambientes (Concello).

-Realizando exposicións de fondos temáticos da biblioteca e a súa guía didáctica.

-Colaboración coa ANPA Miraflores: obradoiro de xornalismo.

-Exposicións de todas as actividades artísticas coas que nos obsequia o Departamento de Plástica, inspiradas nos libros de lectura, na literatura, nas efemérides...

-Animación e difusión por vía telemática de inquiredanzas, traballos, actividades... cando non é posible de xeito presencial.

Contribución da biblioteca ao desenvolvemento das competencias básicas.

Competencia en comunicación lingüística.

- Formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.

- Comprender e expresar adecuadamente ideas e emocións, e as críticas con espírito construtivo.

Competencia matemática.

- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. Descubrir a presenza e utilidade das matemáticas en toda a información que nos chega.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

- Demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como adquirir hábitos de consumo responsables e de saúde na vida cotiá.

Competencia dixital: DE GRAN IMPORTANCIA ANTE A SITUACIÓN ACTUAL: TELETRABALLO.

- Formar aos nosos estudantes na busca, selección, rexistro e tratamento e análise da información, utilizando estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

- Aprender a ser persoas críticas e reflexivas na valoración da información dispoñible, contrastándoa, e respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Competencia social e cidadá: DE MOITA RELEVANCIA ASUMIR A NOSA RESPONSABILIDADE.

- Comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como contribuír á súa mellora.

- Favorecer a comprensión e o compromiso da realidade histórica e social do mundo.

Competencia cultural e artística.

- Potenciar, mediante diversos concursos e convocatorias, a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos, as habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender.

- Formar habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

- Discriminar a necesidade de aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe: Formularse preguntas, identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema, racional e criticamente, coa información dispoñible.

Autonomía e iniciativa persoal.

-A biblioteca como lugar para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo: empatía, diálogo e negociación. Fomentar a asertividade para comunicarlles adecuadamente ás outras persoas as propias decisións e ser flexible.

3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual «competencia dixital»).

Somos conscientes e tentaremos dar resposta aos novos retos da Alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa. Precisamos revisar o carácter híbrido da nosa colección, e deseñar programas urxentes de alfabetización informacional para o alumnado e outros membros da comunidade escolar”.

-Seguir coa formación dos membros do equipo da biblioteca en ALFIN e outras novas formas de traballar na distancia se fora necesario. Xa temos máis idea da que tíñamos antes do 2020 pero tamén somos conscientes das nosas carencias.

-Facer fincapé nos recursos dixitais para o noso alumnado, a través dunha Guía Básica de ALFIN e outros recursos tomando exemplo doutros centros que nos preceden neste camiño.

-Aproveitar máis a Aula virtual do centro na súa sección de biblioteca.

- Fomentar a utilización das TICs tanto na investigación documental (recompilación, interpretación e produción da información) como no tratamento da información recibida e avaliación das mesmas.
- Mellorar de maneira urxente a alfabetización mediática e informacional do noso alumnado na Xornada de acollida e outras actuacións, aproveitando que nos últimos cursos, tiveron que avanzar moito neste terreo.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

- Retomaremos o uso da Sala de lectura e o espazo físico, sempre adaptándonos as novidades da situación sanitaria.
- Como equipo responsable da biblioteca revisamos cada ano o Proxecto Lector do Centro, redactamos o Plan Anual de Lectura, ofrecemos a nosa axuda e dispoñibilidade aos departamentos para levar a cabo o Proxecto Lector e o Plan Anual.
- Temos pendente levar adiante a “Hora de ler” con profesorado voluntario.
- Formación de usuarios no 1º trimestre, xornada de acollida.
- Continuaremos coa práctica dos anos pasados de visionar unha curtametraxe en os segundos recreos dos venres, as veces adiadados monograficamente á un tema ou temas variados. As curtas eran buscadas e seleccionadas polo nosos axudantes.
- Seguir animando os nosos lectores a facer recomendacións das lecturas en distintos soportes.
- Celebración de diferentes efemérides literarias ou transversais ao longo do curso: Día Internacional das Bibliotecas Escolares, Día de defuntos, Samaín, Consumo responsable, Día da Paz, de Rosalía, da Muller, da Poesía, do Libro, das Letras Galegas, do Medio ambiente, etc.
- Facer a nosa actividade mensual en colaboración cun departamento distinto cada mes.
- Club de Lectura: ampliálo e compartilo.
- Difusión das guías de lecturas recomendadas por a Biblioteca do Concello de Oleiros.
- Patrullas de reciclaxe con alumnado voluntario.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Seguir potenciando a nova sección de biblioteca inclusiva incorporando a nosa colección novos recursos de lectura: Letra grande, audiolibros, lectura fácil, álbums Ilustrados...
- Oportunidades para sensibilizar: Adquisición de libros e recursos sobre o tema da inmigración, presenza de varias ONGDs na biblioteca e no centro.
- Favorecer a creación dunha nova actitude en relación coa diversidade, visibilizando e normalizando as diferentes necesidades.
- Buscar maneiras de resposta a chamada fenda dixital da nosa comunidade educativa.
- Espazos, mobiliario e equipamento en continua adaptación as necesidades do noso alumnado para todas as persoas da comunidade educativa, con distintos perfís, capacidades e recursos.

6. Outras actuacións.

- Colaboración coa ANPA do Centro.
- Colaboracións con outros departamentos para actividades concretas.
- Colaboración con outras bibliotecas no foro PLAMBE.
- Colaboración con outras bibliotecas escolares da nosa zona e outras a través do CFR.
- Colaboración coas bibliotecas escolares e do concello: roteiros, obradoiros, encontros...
- Biblioteca solidaria: convocatorias e accións solidarias a través da biblioteca.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

1. Avaliación inicial, diagnosticando a nosa situación despois deste décimo curso no PLAMBE, e un curso tan especial como o pasado que nos fai poñer a atención as numerosas posibilidades que ten a biblioteca escolar, tamén para o teletraballo.

2. Avaliación continua. Queremos facer a reflexión o longo do curso para non facelo as presas e para que poidamos incorporar o froito desta reflexión ao noso traballo.

O contacto directo das persoas responsables da biblioteca coa comunidade educativa é unha boa forma de apreciar as opinións e o uso real de cada servizo.

3. Avaliación final: (que se incluírá na Memoria final) onde se recollerá o traballo realizado, debidamente avaliado e se elaborará a programación para o próximo curso. Froito desa avaliación facemos estas LIÑAS PRIORITARIAS para o curso 2022-2023.

Procedementos de avaliación: Estatísticas, Suxestións e Enquisas ademais da reflexión crítica do grupo de traballo da biblioteca, despois do seu traballo e na relación diaria cos usuarios/as.

8. Persoa responsable da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Responsable biblioteca escolar: María García Maseda (Horario: 4 horas)

Equipo: 10 profesoras con destino definitivo no Centro. (Algunhas con 2 recreos no horario)

M^a Cruz Almendáriz García; departamento: Física e Química. Consello escolar.

M^a Concepción Castro Higelmo; departamento: Xeografía e Historia. Clubs de lectura.

Susana de Lorenzo González; departamento: Latín e Grego.

Beatriz Mantiñán Pérez; departamento: Economía. Secretaria do Centro.

M^a Rocío Rey Rodeiro; departamento: Tecnoloxía.

M^a Isabel Rodríguez Andreolotti; departamento: Lingua Castelá e Literatura.

Graciela Grande Veloso; departamento de Lingua Galega e EDNL. Consello escolar.

Carme Gasamans Chento; departamento de Lingua galega. Consello escolar.

Mercedes López González; departamento de Lingua Castelá. Consello escolar.

Ana Sogo López; departamento de Plástica.

Rosa García Vilariño; compañeira xubilada de Lingua galega, que segue a colaborar con nos nas tarefas de manter o blog ao día, roteiros literarios...

-Coordinación: reunión semanal do equipo nalgún recreo, e-mails e grupo de whatsapp.

-Salientar tamén aquí a enorme dedicación de tempo voluntario entregado por todo o equipo, sen este compromiso, moi enriquecedor e gratificante para nós, non poderíamos facer todo o contido do noso proxecto.

-O noso equipo leva traballando máis de 10 cursos na biblioteca, esperamos incorporar xente nova en todos os aspectos para o futuro da biblioteca no noso centro. Esperamos que pronto xurdan novos proxectos e persoas que os queiran levar a cabo. Este ano foi imposible pola enorme carga de traballo de cada profesora e profesor do claustro.

María García Maseda
Responsable Biblioteca
Oleiros, xuño de 2022

Óscar Iglesias Fernández
Director do IES Miraflores